# ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 30 DE OUTUBRO DO 2023

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día trinta de outubro do dous mil vinte e tres, reúnense os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas.

**Preside o Sr. Alcalde**: D. José Tomé Roca.

**Asisten:**

**Sres/as. Concelleiros/as**:

**Grupo municipal Socialista:** Dna. Gloria Mª Prada Rodriguez, D. Iban Torres Rodríguez, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina Mª Douton Rajo, D. José Manuel Mougán Sobredo, Dna Regina López Arias, D. Guillermo Díaz Aira e Dna. Margarita López Rodríguez.

**Grupo Municipal do Partido Popular:** Dna. Katherinie Varela Fernández, D. José Luis Rodríguez Varela, Dª María Luisa Vázquez López, D. Victor Manuel Rodríguez López.

**Bloque Nacionalista Galego:** D. Emilio José Sánchez Iglesias e D. Manuel Luaces Fernández.

**Esperta Monforte:** D. Jaime Germán Vázquez Pérez.

**Secretario:** D. José Antonio Mourelle Cillero, que dá fe do acto.
**Interventora accidental:** Dª María Inmaculada Buján Arias

Non asiste a concelleira Dª Pilar Espinosa Novelle e o concelleiro D. Victor Rodríguez López.

O Sr. Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

**ORDE DO DÍA:**

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DE 25 DE SETEMBRO DO 2023.**
Sométese a votación a acta do pleno de 25 de setembro do 2023, aprobándose por unanimidade.

**2º.-DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se da conta: do 20.09.2023 AO 24.10.2023.**

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, da conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 20.09.2023 e o 24.10.2023.

**PARTE RESOLUTIVA**

**3º.- MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS PARA O ANO 2024.**

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e do concelleiro do grupo Municipal do BNG, e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbe a proposta da Alcaldía:

*"Vista as obrigas contractuais que ten o Concello coas empresas que prestan os servizos de Recollida, Tratamento e Eliminación de Lixo , abastecemento de auga, prestación se servizos rede de sumidoiros e depuración faise necesario incrementar as tarifas en concordancia ao IPC. (Setembro 2022- setembro 2023 3,5%)*

*Respecto da Ordenanza Fiscal Xeral dos Ingresos Municipais modifícase o calendario fiscal para o exercicio 2024.*

*Vistos os informes da Intervención municipal e o que dispón o artigo 17 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, previo ditame da Comisión Informativa de Servizos Centrais,*

***PRIMEIRO.-** Aprobar provisionalmente as modificacións das seguintes Ordenanzas Fiscais:*

***1.1) ORDENANZA XERAL DOS INGRESOS MUNICIPAIS DE DEREITO PÚBLICO***

*A) Modificar artigo 13 "Calendario Fiscal" - Períodos de cobro Tributos.*
*Quedando redactado do seguinte xeito:*

***ARTIGO -13- CALENDARIO FISCAL***

*1. Con carácter xeral establécese que os períodos para pagar os tributos de carácter periódico serán os seguintes:*

| | | | DATAS DE PAGO | |
|---|---|---|---|---|
| | TRIBUTO | PERÍODO | DENDE | ATA |
| a. | Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica | Anual | 12/04/2024 | 12/06/2024 |
| b. | Imposto de Bens Inmobles | Anual | 05/08/2024 | 07/10/2024 |
| c. | Imposto sobre Actividades Económicas | Anual | 16/08/2024 | 16/10/2024 |
| d. | Taxa pola recollida de lixo | 6º bimestre 2023 | 26/02/2024 | 26/04/2024 |
| | | 1º bimestre 2024 | 26/04/2024 | 26/06/2024 |
| | | 2º bimestre 2024 | 26/06/2024 | 26/08/2024 |
| | | 3º bimestre 2024 | 26/08/2024 | 28/10/2024 |
| | | 4º bimestre 2024 | 25/10/2024 | 26/12/2024 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | ***5º bimestre 2024*** | ***26/12/2024*** | ***26/02/2025*** |
| | | ***6º bimestre 2024*** | ***26/02/2025*** | ***28/04/2025*** |
| ***e.*** | ***Taxa pola prestación do servizo nas escolas deportivas municipais*** | ***2ª fracción curso 2023/2023*** | ***07/03/2024*** | ***07/05/2024*** |
| | | ***1ª fracción curso 2024/2025*** | ***23/10/2024*** | ***23/12/2024*** |
| ***f.*** | ***Taxa de auga rede e sumidoiros*** | ***6º bimestre 2023*** | ***30/12/2023*** | ***28/02/2024*** |
| | | ***1º bimestre 2024*** | ***01/03/2024*** | ***03/05/2024*** |
| | | ***2º bimestre 2024*** | ***29/04/2024*** | ***01/07/2024*** |
| | | ***3º bimestre 2024*** | ***01/07/2024*** | ***02/09/2024*** |
| | | ***4º bimestre 2024*** | ***02/09/2024*** | ***04/11/2024*** |
| | | ***5º bimestre 2024*** | ***06/11/2024*** | ***07/01/2025*** |
| | | ***6ºbimestre 2024*** | ***30/12/2024*** | ***28/02/2025*** |
| ***g.*** | ***Resto de taxas*** | | ***20/09/2024*** | ***20/11/2024*** |

*2.- As variacións nos períodos de pago sinalados no punto anterior serán aprobados pola Xunta de Goberno Local.*

*3.- O Calendario fiscal publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.*

*4.- Cando se modifique o período de cobro dun tributo de vencemento periódico, non será preciso notificar individualmente dita circunstancia.*

*B) Modificar penúltimo parágrafo do artigo 14 "Domiciliacións". Actualización da data de cargo dos recibos do Imposto sobre Bens Inmobles fraccionados en dous períodos (60% e 40%)*

*Quedando redactado do seguinte xeito:*

***ARTIGO- 14 DOMICILIACIONS***

*(...)*

*A domiciliación do Imposto sobre Bens Inmobles de Natureza Urbana, nos recibos de importe superior aos 100€, implicará o seu fraccionamento en dous períodos, de xeito que o primeiro cargo realizarase o día 05.08.2024 polo importe do 60% do recibo e o segundo cargo o día 7 de decembro polo importe do restante 40% do recibo*

*(...)*

***1.2) <u>ORDENANZA FISCAL 2.3 REGULADORA DO TAXA POR RECOLLIDA, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DE LIXO</u>***

*A) Modificación artigo 6 "Cota Tributaria". Incremento 85% do IPC (3,5%)*

*Quedando redactado do seguinte xeito:*

*A cota tributaria verá determinada en función da natureza, destino, e superficie do local de acordo co seguinte cadro de tarifas:*

| ***DESCRICIÓN*** | ***Importe € / bimestre*** |
|---|---|
| ***Vivendas*** | |
| ***Zona Urbana*** | ***14,65*** |
| ***Zona Rural*** | ***7,34*** |
| ***Actividades*** | |
| ***Locais sen actividade*** | ***14,65*** |
| ***Servizos de restaurantes, cafeterías e bares e establecementos similares*** | |
| ***No seu caso, equivalencia no IAE Grupos 671, 672, 673, 674,675, 676, 677*** | |
| ***Ata 20 $m^2$*** | ***34,2*** |
| ***De 21 $m^2$ a 100 $m^2$*** | ***51,33*** |
| ***De 101 $m^2$ a 200 $m^2$*** | ***68,43*** |
| ***De 201 $m^2$ a 400 $m^2$*** | ***102,62*** |
| ***De 401 $m^2$ a 1000 $m^2$*** | ***153,93*** |
| ***Máis de 1000 $m^2$ (por cada 1000 $m^2$ ou fracción de exceso)*** | ***85,5*** |
| ***Salas de festa, salas de xogo e establecementos similares*** | |
| ***No seu caso, equivalencia no IAE Grupos 965, 969*** | |
| ***Ata 100 $m^2$*** | ***52,78*** |
| ***De 101 $m^2$ a 200 $m^2$*** | ***75,67*** |
| ***De 201 $m^2$ a 400 $m^2$*** | ***126,12*** |
| ***De 401 $m^2$ a 1000 $m^2$*** | ***176,57*** |
| ***Máis de 1000 $m^2$ (por cada 1000 $m^2$ ou fracción de exceso)*** | ***100,89*** |
| ***Establecementos alimentación, supermercados, hipermercados e similares*** | |
| ***No seu caso, equivalencia no IAE Grupos 641, 642, 643, 644,645,647, 661, 662*** | |
| ***Ata 20 $m^2$*** | ***41,04*** |
| ***De 21 $m^2$ a 100 $m^2$*** | ***61,57*** |
| ***De 101 $m^2$ a 200 $m^2$*** | ***82,11*** |
| ***De 201 $m^2$ a 400 $m^2$*** | ***123,15*** |
| ***De 401 $m^2$ a 1000 $m^2$*** | ***184,73*** |
| ***Máis de 1000 $m^2$ (por cada 1000 $m^2$ ou fracción de exceso)*** | ***102,62*** |
| ***Hoteis, Moteis, Hostais, Fondas, Residencias, Pensión, Casas de Hóspedes, Aloxamentos Turísticos, Hospitais e establecementos similares*** | |
| ***No seu caso, equivalencia no IAE Agrupación 68, Grupos 935, 941, 951*** | |
| ***Sen servizo de restaurante, bar ou cafetería*** | |
| ***Ata 100 $m^2$*** | ***21,44*** |
| ***De 101 $m^2$ a 200 $m^2$*** | ***32,15*** |
| ***De 201 $m^2$ a 400 $m^2$*** | ***53,61*** |
| ***De 401 $m^2$ a 1000 $m^2$*** | ***75,03*** |
| ***Máis de 1000 $m^2$ (por cada 1000 $m^2$ ou fracción de exceso)*** | ***42,87*** |
| ***Con servizo de restaurante, bar ou cafetería*** | |
| ***Ata 100 $m^2$*** | ***23,59*** |
| ***De 101 $m^2$ a 200 $m^2$*** | ***32,32*** |
| ***De 201 $m^2$ a 400 $m^2$*** | ***53,85*** |
| ***De 401 $m^2$ a 1000 $m^2$*** | ***75,39*** |
| ***Máis de 1000 $m^2$ (por cada 1000 $m^2$ ou fracción de exceso)*** | ***40,15*** |
| ***Comercio ao maior de comidas ou bebidas, almacéns de materiais de construción, transportes, industrias, fábricas, talleres e establecementos similares*** | |
| ***No seu caso, equivalencia no IAE - Divisións, 1, 2, 3, 4 , 5 - Grupos 611, 612, Epígrafe 6174 - Grupos 691, 692, 699*** | |
| ***Grupos 711, 712, 721, 722, 729, 751, 754, 756, 757 - Epígrafe 8436*** | |

| | |
|---|---|
| ***Ata 20 m²*** | ***28,59*** |
| ***De 21 m² a 100 m²*** | ***42,87*** |
| ***De 101 m² a 200 m²*** | ***57,16*** |
| ***De 201 m² a 400 m²*** | ***85,77*** |
| ***De 401 m² a 1000 m²*** | ***128,64*** |
| ***Máis de 1000 m² (por cada 1000 m² ou fracción de exceso)*** | ***71,48*** |
| ***Resto de establecementos comerciais e de servizos, oficinas, edificios públicos, de ensino, asociacións, entidades bancarias e financeiras e establecementos similares*** | |
| ***No seu caso, equivalencia no IAE - Grupos 613, 614, 615,616, - Epígrafes 6171,6172,6173,6175,6176,6177,6178,6179*** | |
| ***Grupos 618, 619, 621,622, 623,631, 646, 651, 652, 653, 654, 655, 656, 657,659, 663, 664, 665 - Grupo 755 - Agrupación 76*** | |
| ***División 8 agás 8436 - Grupos 911, 912, 913, 921, 922, 931, 932, 933, 936, 942,943, 944, 945, 952, 961,962,963, 964, 966, 967, 968, 971, 972,973,974,975,979, 981,982, 983, 989,991,999*** | |
| ***Ata 20 m²*** | ***20,4*** |
| ***De 21 m² a 100 m²*** | ***30,59*** |
| ***De 101 m² a 200 m²*** | ***40,8*** |
| ***De 201 m² a 400 m²*** | ***61,21*** |
| ***De 401 m² a 1000 m²*** | ***91,81*** |
| ***Máis de 1000 m² (por cada 1000 m² ou fracción de exceso)*** | ***51,00*** |
| ***Outras actividades non tarifadas expresamente*** | |
| ***Ata 20 m²*** | ***20,4*** |
| ***De 21 m² a 100 m²*** | ***30,59*** |
| ***De 101 m² a 200 m²*** | ***40,8*** |
| ***De 201 m² a 400 m²*** | ***61,21*** |
| ***De 401 m² a 1000 m²*** | ***91,81*** |
| ***Máis de 1000 m² (por cada 1000 m² ou fracción de exceso)*** | ***51,00*** |
| ***Profesionais e artistas*** | |
| ***Sección 2ª e 3ª*** | |
| ***Profesionais e artistas*** | ***18,35*** |

*A superficie dos locais de negocio, comprenderá a totalidade da superficie dos locais afectos á actividade: superficie total no censo de obrigados tributarios si se trata de suxeitos pasivos exentos do Imposto sobre Actividades Económicas ou na Matrícula do Imposto sobre Actividades Económicas respecto dos non exentos.*

*Noutro caso será a superficie obtida da licenza de apertura ou a superficie construída obtida do padrón do Imposto sobre Bens Inmobles de Natureza Urbana.*

*Nos locais nos que se desenrolen varias actividades, as superficies afectadas ás distintas actividades sumaranse e consideraranse afectadas á actividade principal do local, que a efectos desta taxa se considera actividade principal aquela que teña mais superficie*

*Nos locais nos que se desenrolen varias actividades, as superficies afectadas ás distintas actividades sumaranse e consideraranse afectadas á actividade principal do local, que a efectos desta taxa se considera actividade principal aquela que teña mais superficie*

## *1.3) __ORDENANZA FISCAL 2.9 REGULADORA DO TAXA DE REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN__*

*Modificación artigo 5 "Tarifas". Incremento IPC (3,5%)*

*Quedando redactado do seguinte xeito:*

***ARTIGO 5.- TARIFAS***

***TARIFA 1.- Depuración e sumidoiro***

*Para aqueles abonados ó servizo de Abastecemento de auga, a tarifa a aplicar e a seguinte:*

| | |
|---|---|
| ***DOMÉSTICOS E COMERCIAL: Consumo Bloque Único*** | ***0,1640 €/m³*** |
| ***INDUSTRIAL / OBRAS: Consumo Bloque Único*** | ***0,2461 €/m³*** |

*A efectos da tarifa, considferaranse abonados domésticos, comerciais ou industriais, os así definidos na Ordenanza reguladora da Taxa de Auga e no Regulamento do Servizo Municipal de abastecemento de auga e saneamento.*

*No caso de que a través de un único contador se subministre auga a varias vivendas ou locais multiplicarase a cota polo número de vivendas ou locais abastecidos.*

***TARIFA 2.- Depuración e sumidoiro***

*Para aqueles abonados o servizo de saneamento, que non sexan abonados o servizo de abastecemento de auga e que vertan a rede pública de saneamento, sen contador de medida, a tarifa aplicar será:*

| | |
|---|---|
| ***ABONADOS DOMÉSTICOS E COMERCIAIS*** | ***3,56€ / bimestre*** |
| ***ABONADOS INDUSTRIAIS*** | ***7,38€ / bimestre*** |

*Consideraranse abonados domésticos e non domésticos, os que vertan augas residuais a rede pública de saneamento, segundo a clasificación do Servizo Municipal de Abastecemento e Saneamento*

*Ás tarifas sinaladas engadiráselle o IVE o tipo que corresponda.*

***1.4) <u>ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO ABASTECEMENTO DE AUGA</u>***

*Modificación artigo 5 "Tarifas". Incremento IPC (3,5%)*

*Quedando redactado do seguinte xeito:*

*ARTIGO -3- COTA TRIBUTARIA*

*A contía do prezo público regulado nesta Ordenanza está fixado na tarifa seguinte:*

*A. Usos domésticos*

| | |
|---|---|
| *A.1.- Consumos entre 0 e 10 m³ ó bimestre, mínimo tarifado* | *o m³ a 0,2050 €* |
| *A.2.- Consumos entre 11 e 25 m³ ó bimestre* | *o m³ a 0,3281 €* |
| *A.3.- Consumos entre 26 e 50 m³ ó bimestre* | *o m³ a 0,5742 €* |

*A.4.- Consumos de máis de 50 m³ ó bimestre* *o m³ a 0,8203 €*

### *B. Usos industriais*

*B.1.- Consumos entre 0 e 10 m³ ó bimestre, mínimo tarifado* *o m³ a 0,1640 €*

*B.2.-Consumos entre 11 e 80 m³ ó bimestre* *o m³ a 0,3691 €*

*B.3.- Consumo entre 81 e 150 m³ ó bimestre* *o m³ a 0,9023 €*

*B.4.- Consumos entre 151 e 300 m³ ó bimestre* *o m³ a 1,2305 €*

*B.5.- Consumos de máis de 300 m³ ó bimestre* *o m³ a 1,9278 €*

### *C. Usos especiais*

*Os consumos que efectúen os Centros de Ensinanza Oficial, Centros de Ensinanza Privada Concertados, Hospital Comarcal e industriais establecidas no Polígono do Reboredo, pagarán os metros cúbicos que consuman bimestralmente ó prezo de 0,4103 € / m3*

### *D. Cota Xeral*

*Todos os aboados pagarán, con independencia do consumo, a cantidade de: 2,03 € / bimestre*

*Os aboados que figuren no apartado H), tarifa especial, non aboarán cota xeral.*

### *E. Aboados sen contador ou con contador avariado*

*Para os aboados de usos domésticos, ó bimestre:* *123,05 €*

*Para os aboados de usos industriais e especiais pagarán ó bimestre:* *615,26 €*

### *F. Por entronques e acometidas á rede municipal*

*Por cada vivenda:* *24,59 €*

*Por cada local de negocio:* *32,81 €*

### *G. Altas no servizo*

*Por cada alta que se formalice, pagarase a cantidade de:* *8,20€*

*Por depósito, para responder de impagados, soamente para aboados que non sexan propietarios da vivenda ou local de negocio: 49,22 €*

### *H. Tarifa especial*

*Contribuíntes beneficiarios da Renda de Inserción Social de Galicia (RISGA). Para gozar desta exención o interesado deberá solicitala previamente, acreditar o cumprimento das condicións que motivan o seu outorgamento e a solicitude deberá ser informada polos Servizos Socias do Concello.*

*A exención quedará sen efecto cando desaparezan as circunstancias persoais que a motivaron. Pagarán, nos usos domésticos, nos consumos entre 0 e 10 m³, ó bimestre, mínimo tarifado, o m3 a 0,0492 €. Considérase consumo mínimo a cota xeral para todos os aboados e consumo entre 0 e 10 metros cúbicos.*

*As facturacións bimestrais nos usos domésticos, industriais e tarifa especial efectuaranse aplicando ó consumo de cada tramo o importe do metro cúbico consignado para o mesmo.*

### *1.5) ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO MUNICIPAL SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREPS DE NATUREZA URBANA*

*Modificación Artigo 6:*

***ARTIGO 6.- BASE IMPOÑIBLE***

*1. A base impoñible deste imposto está constituída polo incremento do valor dos terreos posto de manifesto no momento da devindicación e experimentado ao longo dun período máximo de vinte anos, e determinarase, sen prexuízo do disposto no apartado 5 deste artigo, multiplicando o valor do terreo no momento da devindicación calculada conforme o establecido nos seus apartados 2 e 3, polo coeficiente que corresponda ao período de xeración conforme o previsto no seu apartado 4.*

*2. O valor do terreo no momento da devindicación resultará do establecido nas seguintes regras:*

*a) Nas transmisións de terreos, o valor destes no momento da devindicación será o que teñan determinado no devandito momento a efectos do Imposto sobre Bens Inmobles.*
*Con todo, cando este valor sexa consecuencia dun relatorio de valores que non reflicta modificacións de plan aprobadas con posterioridade á aprobación do citado relatorio, poderase liquidar provisionalmente este imposto conforme a aquel. Nestes casos, na liquidación definitiva aplicarase o valor dos terreos unha vez obtívose conforme os procedementos de valoración colectiva que se instrúan, referido á data da devindicación. Cando esta data non coincida coa de efectividade dos novos valores catastrais, estes corrixiranse aplicando os coeficientes de actualización que correspondan, establecidos para o efecto nas leis de orzamentos xerais do Estado.*

*Cando o terreo, aínda sendo de natureza urbana ou integrado nun ben inmoble de características especiais, no momento da devindicación do imposto, non teña determinado valor catastral no devandito momento, o concello poderá practicar a liquidación cando o referido valor catastral sexa determinado, referindo este valor ao momento da devindicación.*

*b) Na constitución e transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio, as porcentaxes anuais contidos no apartado 4 deste artigo aplicaranse sobre a parte do valor definido no parágrafo a) anterior que represente, respecto daquel, o valor dos referidos dereitos calculado mediante a aplicación das normas fixadas a efectos do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados.*

*c) Na constitución ou transmisión do dereito para elevar unha ou máis #andar sobre un edificio ou terreo, ou do dereito de realizar a construción baixo solo sen implicar a existencia dun dereito real de superficie, as porcentaxes anuais contidos no apartado 4 deste artigo aplicaranse sobre a parte do valor definido no parágrafo a) que represente, respecto daquel, o módulo de proporcionalidade fixado na escritura de transmisión ou, na súa falta, o que resulte de establecer a proporción entre a superficie ou volume das #andar para construír en voo ou subsolo e a total superficie ou volume edificados unha vez construídas aquelas.*

*d) Nos supostos de expropiacións forzosas, as porcentaxes anuais contidos no apartado 4 deste artigo aplicaranse sobre a parte do prezo xusto que corresponda ao valor do terreo, agás que o valor definido no parágrafo a) do apartado 2 anterior fose inferior, nese caso prevalecerá este último sobre o prezo xusto.*

*3. O período de xeración do incremento de valor será o número de anos ao longo dos cales se puxo de manifesto este incremento.*

*Nos supostos de non suxeición, agás que por lei indíquese outra cousa, para o cálculo do período de xeración do incremento de valor posto de manifesto nunha posterior transmisión do terreo, tomarase como data de adquisición, para os efectos do disposto no parágrafo anterior, aquela en a que se produciu a anterior devindicación do imposto.*

*No cómputo do número de anos transcorridos tomaranse anos completos, é dicir, sen ter en conta as fraccións de ano. No caso de que o período de xeración sexa inferior a un ano, ratearase o coeficiente anual tendo en conta o número de meses completos, é dicir, sen ter en conta as fraccións de mes.*

*O coeficiente para aplicar sobre o valor do terreo no momento da devindicación, calculado conforme o disposto nos apartados anteriores, será o que corresponda dos aprobados polo concello segundo o período de xeración do incremento de valor, sen que poida exceder dos límites seguintes:*

| ***Período de xeración*** | ***Coeficiente*** |
|---|---|
| *Inferior a 1 año.* | *0,15* |
| *1 ano.* | *0,15* |
| *2 anos.* | *0,14* |
| *3 anos.* | *0,15* |
| *4 anos.* | *0,17* |
| *5 anos.* | *0,18* |
| *6 anos.* | *0,19* |
| *7 anos.* | *0,18* |
| *8 anos.* | *0,15* |
| *9 anos.* | *0,12* |
| *10 anos.* | *0,10* |
| *11 anos.* | *0,09* |
| *12 anos.* | *0,09* |
| *13 anos.* | *0,09* |
| *14 anos.* | *0,09* |
| *15 anos.* | *0,10* |
| *16 anos.* | *0,13* |
| *17 anos.* | *0,17* |
| *18 anos.* | *0,23* |
| *19 anos.* | *0,29* |
| *Igual ou superior a 20 anos.* | *0,45* |

*Estes coeficientes máximos serán actualizados anualmente mediante norma con rango legal, podendo levar a cabo dita actualización mediante as leis de orzamentos xerais do Estado, quedando automaticamente actualizada coa publicación da nova taboa de coeficientes no Boletín correspondente.*

*5. Cando, a instancia do suxeito pasivo, conforme ao procedemento establecido no artigo 104.5, do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, constátese que o importe do incremento de valor é inferior ao importe da base impoñible determinada conforme ao disposto nos apartados anteriores deste artigo, tomarase como base impoñible o importe do devandito incremento de valor.*

***TERCEIRO.-*** *Expoñer ao público os acordos precedentes, mediante edicto, que se fixará na táboa de anuncios do Concello e se publicará no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión na provincia.*

*Durante o prazo de trinta días hábiles, a contar desde o día seguinte da publicación do correspondente edicto no BOP, os interesados poderán examinar o expediente, e presentar as oportunas reclamacións. No caso de non presentarse reclamacións, o acordo provisional considerase elevado a definitivo.*

*No suposto que se presentasen reclamacións, procederase á súa resolución e á adopción dos correspondentes acordos de aprobación definitiva.*

***CUARTO.-*** *Os acordos definitivos ou os provisionais elevados a definitivos e o texto íntegro das modificacións acordadas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, e entrarán en vigor o primeiro de xaneiro de 2024 e serán vixentes mentres non se acorde a súa modificación ou derrogación"*

*De seguido prodúcense as seguintes intervencións:*

Intervén D. Jaime Germán Vázquez Pérez manifestando que non corresponden neste momento se todos estarían en gardar un minuto de silencio polo tema de Palestina e Israel. E con respecto á modificación das ordenanzas fiscais, van votar en contra.

Intervén D. Emilio José Sánchez Iglesias manifesta que non van apoiar esta iniciativa porque seguen sen clarificarse cousas que eles cren que se deben modificar, como é unha rebaixe do IBI acorde aos posibles inversións derivadas de remanentes de tesoureiría, facer participes aos veciños dunha situación económica do Concello, despois de aprobar a conta do pasado ano, vese que está nunha boa situación e que se podía facer esa rebaixa do IBI, que sexa paulatina, ata chegar a un punto. Seguen sen ver, bonificación dos usuarios da piscina acompañantes, bonificación no ICIO entidades sen ánimo de lucro, demandas que se foron facendo nos últimos anos, evidentemente opta por mantelas como están, as respectan pero o seu voto vai ser negativo.

Intervén Dª Katherinie Varela di que non se centran nas ordenanzas que traen a modificación, aproveitan esta modificación en concreto para realizar unha demanda, estan

falando dos usos especiais da cota tributaria, hospital comarcal, centros educativos, empresas do polígono industrial, fala do Asilo que ten uns gastos moi elevados, saben que se pode extender a outros centros residencias, estase ante un colectivo no que realmente aínda que haxa entidades privdas, na maioría dos casos viven das aportacións das administrcións públicas, porque non chegan as pensións dos usuarios, fan fincapé se poda ampliación ese apartado C do artigo 3º que se considere como uso especial as residencias de terceira idade, persoas con discapacidade e por iso presentan en forma de enmeda de engádeda, que equipo de goberno teñan en consideración incluilo.

Intervén Dª Gloria Mª Prada di que o importante é dicir que por oitavo ano consecutivo este equipo de goberno non aumenta ningunha taxa nin ningún imposto. As subas son en función do IPC, o que respecta á modificación do calendario fiscal que estipula as datas do recibo corresopndente aos usuarios, coedifcinetes pola lei do imposto de plusvalía que ven relfexado nos presupostos xerais do Estado. En canto á enmenda habería que analizala con calma, agora mesmo non poden dar unha resposta.

Intervén Dª Katherinie Varela dicindo que si poden darlle encaixe xurídico para poder incluir está opción, eles abstéranse está moción, presumir de non subir os imopstos cando son os máis altos da contorna, que teñan en conta esa enmenda.

Intervén o Sr. Alcalde dicíndolle a D. Germán que a el lle parece moi ben defender ao pobo Palestino, pero a el non lle gusta que nin pobo sufra,  habería que falar tamén de Israel, tanto sufrimento hai dun lado como doutro, porque son persoas todas, neste caso non comenzou Israel precisamente, aquí non se vai arranxar o conflito, cre que non proceda. En relación con que non se baixe o IBI, está claro que non as mirou. Vostedes pensan que a á xente non se engana, o que é unha boa noticia é que en nove anos non subiron os impostos. A diferencia entre vostedes e eles é que vostedes suben os impostos e logo queren dar leccións, vostedes gobernan en Lalín subiron os impostos todos, gobernan na Estrada, suben os impostos todos, gobernan en Sanxenso, suben os impostos todos, gracias que non os suben, levan 9 anos sen tocarlles, así que en fin. Dille a D. Emilio que coa política do achique non vai ven, esa non é a vía. Pero a el o que se extrana e que vostedes piden inversións, por un lado que haxa recaudación, e por outro lado hai que pedir que se fagan obras, non sabe como se van facer senón hai recaudación, é raro que o BNG pida re baixar impostos cando en Santiago que acaban de empezar a gobernar e van subir impostos. Baixar impostos non é a medida, o di a Unión Europea nun recente informe dicindo que os impostos hai que mantelos, se non se ingresa hai déficit. Dille a Dª Katherinie que Monforte ten o prezo da auga dos máis baratos de Galicia, vostede mire por aí canto se paga pola auga en cada Concello, máis de catro son do canon da Xunta de Galicia, e despois queren que se faga saneamento, senón se recauda non se pode facer. Soamente o incremento do lixo e da auga, soamente o IPC  por cumprimento dos contratos.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con nove votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, con tres votos en contra dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do Grupo Mixto-Esperta Monforte e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular.

**4º.- BONIFICACIÓN DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS A ACIOS GLAMPING SL**

O ditame é favorable á proposta, con sete votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e do concelleiro do Grupo Mixto-Esperta Monforte, e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e do concelleiro do grupo Municipal do BNG, e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

*"Vista solicitude presentada en data 29.09.2023 RE (2023/21150), QUIROGA LOSADA JOSE CARLOS, 34261497F, actuando en representación da empresa ACIOS GLAMPING AND WINE S.L, B67928317, na que solicita lle sexa aplicada na cota do imposto a bonificación do 95% recollida no artigo 7 b) da Ordenanza Fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.*

*Visto informe de data de asina do documento electrónico por a Tesoureira Municipal e a Técnica de Rendas.*

*Logo de comprobar o artigo 7.B) da Ordenanza Fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras:*

*"b) As porcentaxes que a continuación seguen na cota do imposto polas obras de nova implantación de actividades empresariais no polígono industrial de Monforte de Lemos, e na Zoa do Porto Seco.* ***Igualmente gozarán desta bonificación aquelas actividades empresariais que, polas suas propias características, non podan ser desenvolvidas en ditas zonas pero que reunan o resto dos requistos esixidos sempre que así sexa ocordado polo Pleno da Corporación."***

*Considerarase obras de nova implantación aquelas que inicien o exercicio da súa actividade no Municipio.*

*A estes efectos, non se considerará que produciuse o inicio do exercicio da actividade dunha actividade cando esta se desenvolva anteriormente baixo outra titularidade*

*Para a aplicación das bonificacións previstas neste apartado será necesario que as devanditas obras se acompañen da creación de novos postos de traballo, que deberán manterse polo menos nun prazo igual a 2 anos, contados dende a finalización das construcións, instalacións e obras.*

*B1) 95% .................. pola creación de 6 ou mais postos de traballo*

*B2) 80% .................. pola creación de 5 postos de traballo*
*B3) 70 % ..................pola creación de 4 postos de traballo*
*B4) 60% .................. pola creación de 3 postos de traballo*
*B5) 50% .................. pola creación de ata 2 postos de traballo*

*A creación de novos postos de traballo acreditarase mediante a presentación por parte dos interesados, das correspondentes altas da Seguridade social:*
*- No réxime xeral, cando se trate de contratación por conta allea*
*- No réxime especial de traballadores por conta propia o autónomos, cando se trate de autoemprego*

*No caso de que a creación de novos postos de traballo non poda xustificarse no momento da concesión da licenza xustificarase dende o momento da alta da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas e nun prazo máximo de 6 meses*

*O recoñecemento das bonificacions aludidas corresponderá ao Pleno por voto da maioría simple dos seus membros sen prexuizo das delegacions que poidan procedir segundo normativa vixente.*

*Logo de comprobar o artigo 22.2.da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local.*

*Vistos os datos expostos,* ***PROPONSE*** *ao Pleno Municipal adoptar o seguinte* ***ACORDO****:*

***DECLARAR*** *o especial interese ou utilidade e* ***CONCEDER*** *unha bonificación do 95 % do imposto sobre construccións, instalacións e obras recollida no artigo 7 b) da Ordenanza Fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras á empresa ACIOS GLAMPING AND WINE S.L, B67928317.*

*Ao tratarse dunha bonificación do 95% pola creación de 6 ou máis postos de traballo, ao non poder*
*xustificarse no momento da concesión da licenza a creación de novos postos de traballo , terá:*

- *Que xustificarse a creación no prazo máximo de 6 meses dende o momento da alta da actividade no imposto sobre actividades económicas.*
- *E deberá manterse por un prazo igual a dous anos."*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén José Luis Rodríguez di que a cración deste camping vai dar mellor servizo á cidade. Todo o que sexa aumentar a riqueza da cidade, está a favor o Partido Popular. Amosa o seu voto a favor.

Intervén o Sr. Alcalde manifesta que lles parece de interés polo tipo de instalación e polo emprego que se comprometen a crear e fixeron a modificación da ordenanza posto que non contemplaba este tipo de instlaacións, que evidentemente, polas súas características non poden instalar no Poligono nin no Porto Seco. Desexa os parabens para que esa instalacións funcione e funcione ben e sexa un atractivo turístico para a cidade.

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG, do Grupo Mixto-Esperta Monforte e dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular.

**5º.- DENEGACIÓN BONIFICACIÓN DO 95% NA COTA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS INSTALACIÓNS E OBRAS, POLAS OBRAS DE REHABILITACION INTEGRAL E AMPLIACION DE EDIFICACION ENTRE MEDIANERAS PARA PLANTA BAIXA- LOCAL COMERCIAL CON USO CENTRO ESTETICA E PLANTA PRIMEIRA, CATRO DUPLEX TIPO ESTUDO CON USO APARTAMENTOS TURÍSTICOS, NA RÚA ROBERTO BAAMONDE Nº19**

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, do concelleiro do grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Mixto-Esperta Monforte, e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

*"Vista solicitude presentada en data 10.07.2023 RE (2023/14844), VEGA NOVO JORDI, 34274269Z, na que solicita lle sexa aplicada na cota do imposto a bonificación do 95% recollida no artigo 7 d) da Ordenanza Fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.*

*Visto informe de data de asina do documento electrónico por a Tesoureira Municipal e a Técnica de Rendas.*

*Vistos os informes obrantes no expediente polos Técnicos.*

*Logo de comprobar o artigo 7.d) da Ordenanza Fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras:*

*"d) As porcentaxes que a continuación seguen na cota do imposto polas obras de **ampliación ou reforma de actividades empresariais.***

*Entenderase por ampliación ou reforma as que alteren a configuración arquitectónica dos edificios, entendendo por tales as que teñan carácter de intervención total ou as parciais que produzan unha variación esencial da composición xeral exterior, a volumetría, ou o conxunto do sistema estrutural, ou teñan por obxecto cambiar ous usos característicos do edificio.*

*Para a aplicación das bonificacións previstas neste apartado será necesario que as devanditas obras se acompañen da creación de novos postos de traballo, que deberán manterse polo menos nun prazo igual a 2 anos, contados dende a finalización das construcións, instalacións e obras.*

*D1) 95% Pola creación de 2 ou máis novos postos de traballo.*

*D2) 80% Pola creación de 1 novo posto de traballo.*

*A creación de novos postos de traballo acreditarase mediante a presentación por parte dos interesados, das correspondentes altas da Seguridade social:*

*- No réxime xeral, cando se trate de contratación por conta allea.*
*- No réxime especial de traballadores por conta propia o autónomos, cando se trate de autoemprego.*

*No caso de que a creación de novos postos de traballo non poda xustificarse no momento da concesión da licenza xustificarase dende o momento da modificación da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas e nun prazo máximo de 6 meses.*

*Aos efectos das bonificacións previstas nos apartados B, C e D entenderase por empresariais as actividades previstas na Sección 1ª das Tarifas do Imposto sobre Actividades Económicas aprobadas polo Real Decreto Lexislativo 1175/1990, de 28 de setembro"*

*Logo de comprobar o artigo 22.2.da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local.*

*Vistos os datos expostos,* ***PROPONSE*** *ao Pleno Municipal adoptar o seguinte* ***ACORDO****:*

***NON DECLARAR*** *o especial interese ou utilidade ao non concorrer as circunstancias para a concesión dunha bonificación do 95 % do imposto sobre construccións, instalacións e obras recollida no artigo 7 d) da Ordenanza Fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras á empresa VEGA NOVO JORDI, 34274269Z."*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez di que a eles importalle que pase neste Concello, non do de Santiago. En canto a esta iniciativa aá vista do informe da Secretaría, concordan de que non é o prantexamente sen haber nada tanxible, en definitiva, o que pon o infomre están de acordo, pero vanse abster, porque unha vez que se modificaron as ordenanzas cabe a posibilidade ao mellor de que teña un percorrido xudicial. Aproveita tamén neste punto, para que estas bonificacións, fixeron bonificación a empresas que estaban implantadasa xa e que estaban facendo unha ampliación, igual habería que pensar en empresas que haxa en Monfote e queiran irse para o Polígono, habería que darlle unha volta para ver como se poden encaixar. En todo caso eles neste punto vanse abster.

Intervén D. José Luis Rodríguez dicindo que eles vanse abster, porque cumpriría dúas condicións a xeración de emprego, e por outro lado no apartado 10 do artigo 7 da citada ordenanza pola configuración arquitectónica do edificio se denega esta vconificación, correspóndelle ao equipo de goberno aprobala ou denegala.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que isto non é que queira o deixe de querer, cos informes na man non se poden declarar de especial interés, unha rúa que é un negocio puro e duro. Se se vai analizar é mellor case deixalo. Non é certo que non se pode poñer un centro de estética no Polígono, poder pódese poñer, non hai limitación, un camping non. En relación co que dicía D. Emilio, que ten percorrido xudicial, iso o saberan os promotores da obra e da solicitude, mire cantas denuncias fixeron pola zona C e as perderon todas, denuncias do hospital e as perderon todas. Dende logo, se hai que declarar iso de especial interés habería que declarar tamén os que se están construindo en Dálmiro da Válgoma, tamén están ao lado do casco histórico. Non todo é de interés, dende o punto de vista do empresario claro que sí, cos informes técnicos na man, non é de interés.

Intervén D. José Luis Rodríguez di que a norma é un pouco ambigua, o apartado d non o cumpre o do apartado b a creación do emprego si que o cumpre, isto pode levan a ter dúbidas noutras solicitudes.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que non fai moito se reformaron centros de hostelería e nin sequera se lle ocurriu solicitalo, non hai ningunha dúbida, outra cousa é que queira vostede sembrar aquí a dúbida.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con nove votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e seis abstencións dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG, do Grupo Mixto-Esperta Monforte e dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular.

**6º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN TERCEIRA ADDENDA DE MODIFICACIÓN E PRÓRROGA DO CONVENIO PARA AS OBRAS DE MELLORA INTEGRAL DO SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE MONFORTE DE LEMOS, E PARA A FINANCIACIÓN, EXECUCIÓN E ENTREGA DA SEGUNDA FASE.**

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, do concelleiro do grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Mixto-Esperta Monforte, e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:
*"En base á comunicación recibida da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, con entrada o día 16 de outubro do 2023, con base en:*

*I. Vista a aprobación polo Pleno da Corporación na súa sesión de 29 de xuño do 2020 o CONVENIO ENTRE A CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL O.A. E O CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS PARA A FINANCIACIÓN DA REDACIÓN DUN ESTUDO DE ALTERNATIVAS PARA A MELLORA INTEGRAL DO SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE MONFORTE DE LEMOS, E PARA A FINANCIACIÓN, EXECUCIÓN E ENTREGA DA SEGUNDA FASE DAS OBRAS DE MELLORA DO SANEAMENTO URBANO DESTA LOCALIDADE.*

*II. Vista a proposta da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil de modificación do convenio con arreglo ás seguintes cláusulas.*

*A proposta realizada pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, é a seguinte:*

*CLÁUSULAS*

***PRIMERA**.- Objeto de la Adenda*
*El objeto de la presente Adenda es prorrogar la duración del convenio, introducir una nueva competencia de la Comisión de Seguimiento y reajustar las anualidades establecidas en el Convenio entre la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil , O.A y el Ayuntamiento de Monforte de Lemos para la financiación de la redacción de un estudio de alternativas para la mejora integral del saneamiento y depuración de Monforte de Lemos, y para la financiación, ejecución y entrega de la segunda fase de las obras de mejora del saneamiento urbano de esta localidad.*

***SEGUNDA**.- Prórroga del convenio.*
*Se prorroga la duración del convenio hasta el 31 de diciembre de 2026, previa incripción en REOICO de esta prórroga antes de la fecha de extinción del convenio. No obstante, si en esa fecha no han finalizado las actuaciones objeto del mismo los firmantes del convenio podrán acordar unánimemente su prórroga dentro de los límites temporables establecidos en el artigo 49.g) de la Ley 40/2015, de Régimen Jurídico del Sector Público.*

***TERCERA**.- Modificación de la cláusula quinta Anualidades y aportaciones.*
*Se introduce un segundo párrafo en el apartado primero que queda redactado del siguiente modo:*

1. *Para la ejecución del presente convenio, se establecen, inicialmente, las anualidades previstas en el cuadro que figura como Anexo I al presente documento.*

   *No obstante, por acuerdo de la Comisión de Seguimiento las partes podrán promover y aprobar posibles reajustes de anualidades en función de la evolución de la ejecución del objeto y de las actuaciones contempladas en el presente convenio, siempre que estos no supongan un incremento económico global ni del plazo del mismo. Este reajuste de anualidades no se*

*considerará modificación convencional a los efectos de lo establecido en el apartado tercero de la cláusula segunda.*

***CUARTA.-*** *Modificación de la cláusula decimosegunda Comisión de Seguimiento.*
*Se modifica el segundo párrafo de la cláusula decimosegunda, que queda redactado del siguiente modo:*
*Esta Comisión coordinará las actuaciones relacionadas con el objeto del presente convenio, solventando las dudas que puedan surgir en cuanto a su ejecución.*

*Le corresponde igualmente a la Comisión el seguimiento, vigilancia y control de la ejecución del convenio y de los compromisos adquiridos por los firmantes, así como la aprobación de los reajustes de anualidades conforme a lo establecido en la cláusula quinta.*

***QUINTA.-*** *Modificación del Anexo*
*Se modifica el Anexo "Anualidades previstas" de acuerdo con los siguientes importes:*

| *Administración* | *2020* | *2021* | *2022* | *2023* | *2024* | *2025* | *Total* |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *CHMS O.A* | *28.000,00 €* | *8.000,00 €* | *91.892,36 €* | *216.000,00 €* | *1.371.350,80 €* | *204.756,84 €* | *1.920.000,00 €* |
| *CONCELLO DE MONFORTE* | *7.000,00 €* | *2.000,00 €* | *22.973,09 €* | *54.000,00 €* | *342.837,70 €* | *51.189,21 €* | *480.000,00 €* |
| *TOTAL* | *35.000,00 €* | *10.000,00 €* | *114.865,45 €* | *270.000,00 €* | *1.714.188,50 €* | *255.946,05 €* | *2.400.000,00 €* |

***SEXTA.*** *–Eficacia*

*La presente adenda modificativa resultará eficaz tras inscripción en el Registro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación antes de la fecha de extinción del convenio, tal y como se deriva del artículo 48 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público; adicionalmente será publicada en el Boletín Oficial del Estado. "*
*.*

*Polo exposto PROPOÑO, que polo Pleno do Concello de Monforte se adopte o seguinte acordo:*

*PRIMEIRO.- Aprobar a Terceira Addenda Modificativa do CONVENIO ENTRE A CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL O.A. E O CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS PARA A FINANCIACIÓN DA REDACIÓN DUN ESTUDO DE ALTERNATIVAS PARA A MELLORA INTEGRAL DO SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE MONFORTE DE LEMOS, E PARA A FINANCIACIÓN, EXECUCIÓN E ENTREGA DA SEGUNDA FASE DAS OBRAS DE MELLORA DO SANEAMENTO URBANO DESTA LOCALIDADE, co seguinte detalle:*

*CLÁUSULAS*

***PRIMERA.*** *- Objeto de la Adenda*
*El objeto de la presente Adenda es prorrogar la duración del convenio, introducir una nueva competencia de la Comisión de Seguimiento y reajustar las anualidades*

*establecidas en el Convenio entre la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil , O.A y el Ayuntamiento de Monforte de Lemos para la financiación de la redacción de un estudio de alternativas para la mejora integral del saneamiento y depuración de Monforte de Lemos, y para la financiación, ejecución y entrega de la segunda fase de las obras de mejora del saneamiento urbano de esta localidad.*

***SEGUNDA***.- *Prórroga del convenio.*
*Se prorroga la duración del convenio hasta el 31 de diciembre de 2026, previa incripción en REOICO de esta prórroga antes de la fecha de extinción del convenio. No obstante, si en esa fecha no han finalizado las actuaciones objeto del mismo los firmantes del convenio podrán acordar unánimemente su prórroga dentro de los límites temporables establecidos en el artigo 49.g) de la Ley 40/2015, de Régimen Jurídico del Sector Público.*

***TERCERA***.- *Modificación de la cláusula quinta Anualidades y aportaciones.*
*Se introduce un segundo párrafo en el apartado primero que queda redactado del siguiente modo:*

2. *Para la ejecución del presente convenio, se establecen, inicialmente, las anualidades previstas en el cuadro que figura como Anexo I al presente documento.*

   *No obstante, por acuerdo de la Comisión de Seguimiento las partes podrán promover y aprobar posibles reajustes de anualidades en función de la evolución de la ejecución del objeto y de las actuaciones contempladas en el presente convenio, siempre que estos no supongan un incremento económico global ni del plazo del mismo. Este reajuste de anualidades no se considerará modificación convencional a los efectos de lo establecido en el apartado tercero de la cláusula segunda.*

***CUARTA.-*** *Modificación de la cláusula decimosegunda Comisión de Seguimiento.*
*Se modifica el segundo párrafo de la cláusula decimosegunda, que queda redactado del siguiente modo:*
*Esta Comisión coordinará las actuaciones relacionadas con el objeto del presente convenio, solventando las dudas que puedan surgir en cuanto a su ejecución.*

*Le corresponde igualmente a la Comisión el seguimiento, vigilancia y control de la ejecución del convenio y de los compromisos adquiridos por los firmantes, así como la aprobación de los reajustes de anualidades conforme a lo establecido en la cláusula quinta.*

***QUINTA.-*** *Modificación del Anexo*
*Se modifica el Anexo "Anualidades previstas" de acuerdo con los siguientes importes:*

| *Administración* | *2020* | *2021* | *2022* | *2023* | *2024* | *2025* | *Total* |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *CHMS O.A* | *28.000,00 €* | *8.000,00 €* | *91.892,36 €* | *216.000,00 €* | *1.371.350,80 €* | *204.756,84 €* | *1.920.000,00 €* |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *CONCELLO DE MONFORTE* | *7.000,00 €* | *2.000,00 €* | *22.973,09 €* | *54.000,00 €* | *342.837,70 €* | *51.189,21 €* | *480.000,00 €* |
| *TOTAL* | *35.000,00 €* | *10.000,00 €* | *114.865,45 €* | *270.000,00 €* | *1.714.188,50 €* | *255.946,05 €* | *2.400.000,00 €* |

***SEXTA.*** *–Eficacia*

*La presente adenda modificativa resultará eficaz tras inscripción en el Registro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación antes de la fecha de extinción del convenio, tal y como se deriva del artículo 48 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público; adicionalmente será publicada en el Boletín Oficial del Estado.*

***SEGUNDO.-*** *Remitir o acordo á Confederación Hidrográfica do Miño – Sil O.A."*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén Dª Katherinie Varela di que traese aquí unha prórroga dun convenio asinado no ano 2020, un ano máis hai que aprobar o punto porque obviamente estes convenios aínda que vaian con retraso son positivos para a cidade. O canon da auga saben que houbo inversións aquí a nivel de auga, non dende que vostede é alcalde, fai catro anos, trouxeron unha iniciativa onde a Xunta de Galicia estaba disposto a colaborar no sanemaneto e abastecemento de auga, que vostede non quixo. O canon da auga axuda a que se podan mellorar a s infraestruturas hidraúlicas doutros Concellos que non teñen recursos, ademáis se vostedes quixeran puideron beneficiarse. Polo menos as infraestruutras da Xunta están impecables, se falan da N-120, as fochancas da autovía que ven de Madrid, debería estar calado en vez de criticar tanto, e vostedes que gobernan o ministerio de Fomento non funciona, claramente como se ven as infraestrutruas que lles afecten, que estes convenios se executgen á maior brevidade posible, no barrio da Estación están con moi pouca presión da auga.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que vostede da adenda non falou nada, traiga vostede a carta que enviou a conselleira, non di nada do que vostede di. Dicía vostede que a consellería fixo investimentos, gustaríalle que poñera nome e apelidos, na etapa do BNG foi para a ETAP, básicamente a realizou o Estado, que outra inversión fixo a Xunta aquí. E logo fala vostede dunha proptosa, aquí non veu ningunha proposta, e conveniente que se informe antes de dicir estas cousas, houbo un momento onde se puxo en dúbida a construción dunha depuradora en Santiago que valía 40 millóns de euros naquel momento, que fixo a señora conselleira, ante a posibilidade de que non se fixera, ela propoñía que se distribuiu a outros Concellos, entre eses Concellos estaba Monforte, proposta da Consellería que entrara por rexistro ningunha. Polo tanto, non é verdade o que vostede di, o que pasa a conselleira apuntouse un tanto. Iso foi toda a proposta que foi a conselleira para Monforte e logo fala vostede de solidariedade, entende que haxa que ser solidarios con Concellos pequenos,

unha cousa é dicir do que paga en Monforte soamente vai retornar o 50% e o resto para solidariedade para outros Concellos, pero o 100%, unha cousa é ser solidario e outra cousa é ser tontos, non houbo nin so euro para Monforte, levánse pagados entre 3 e 4 millóns de euros. Era unha carta que enviaba a Madrid. Para piragüismo agora mesmo non hai no sitio onde eles interveñen non hai un sitio onde a Confederación autorizaría unha construción, non é autorizable e polo tanto é viña facer unha oferta trampa, mira como non deixou dicir para pavillóns para campos de fútbol. El preguntoulle e dixo non para iso non, iso é provocar, solidariedarios si distribución a dedo non. E logo fala vostede da A-6, pero estropeouse antes do 2018, non é de agora, isto non é como unha tormenta, iso é ao longo dos anos, non houbo mantemento, canto lle adicaron a iso nada, porque a N-120 esta como está porque non houbo mantemento, se agora hai 14 millóns de euros para arranxala é agora.
Quén deixou morrer o túnel de Canabal, e vostedes deixaron caducar aos nove anos, e iso ocorreu na súa etapa de goberno, lembra canda unha diputada xuntabase con outros de León , de Ourense, dicíalle a Zapatero que a lei permite contratar a licitación, quén licitou iso foi Pedro Sánchez, o de Pedrafrita dende logo todos queren que se resolvan cantos antes, a estrada do Caurel nin está nin se lle espera, e logo xa remata, a Estación pódese queixar da auga, o regualmento de augas deste Concello di que a partir das casas que teñan máis de tres pisos hai que poñer unha bomba para enviar presión os pisos de arriba, polo tanto aqueles edificios qu eteñan máis ded tres pisos teñan que poñer un rebombeo, non se debe facer populismo deste tipo.

Intervén Dª Katherinie Varela a vostede o que lle sobra é tempo, porque vostede ten un tempo ilimitado para falar do que lle dea a gaña, digan o digan vai ser a súa palabra contra a súa. Vostede non colabora tampouco á hora de poder requerir esas inversións. O que está claro é que ten que recoñecer independemente que no pasado non se fixeran as cousas, aquí estase no presente, iso é un argumento de neno pequeno, eles o que lle piden é que este concenio non se demore máis e se executen esas inversións, en cnato que comenta o regulamento da auga, vostede tampouco o cambia, ao mellor é que hai que empezar a adecuar a normativa aos tempos que corren, por moito que chore o tema da auga é unha competencia dos Concellos e das deputacións provinciais. Fala das inversións que se fixeron en Viveiro da Consellería de Infraesturutrars de 10 millóns de euros para arranxar a ETAP porque hai municipios do PSOE que consiguen inversións da Xunta e vostede lle segue dando a espaldas, e que se a Xunta de Galicia ten unha liña ese año para potenciar actividades acuáticas, polo menos poder aceptar esa inversión.

Intervén o Sr. Alcalde manifesta que iso non se ten por ningún lado. Hai un regulamento igual que calquera concello, e el fai o que ten dereito, vostede queixase do tempo igual que o Sr. Feijoo. Vostede ten o que ten como todos en todos os sitios, en Lugo teñen menos tempo por turno, 5 minutos. E di vostede é

a súa palabra vacía contra os datos, fala dun periodista de deportes que dicía "el dato es el dato" os datos non son palabras son datos. Fala vostede do presente o pasado non lle interesa, o presente é que a Xunta discrimina. As obras estanse executando, están traballando no regato das Malloadas, e tamén lle di de feito empezaron a executar as obras na explanada da Comapñía para limpar a bóveda grande de saneamento, foi imposible debido á cantidade de auga non se puido. Estas cousas todas hai que sabelas, e logo en tanto ao regulamento non engañen, a presión sube soa a un décimo piso, non hai bombeos, aquí cando o puxeron supón que foi necesario, non hai que enganar á xente.
Vostede fala de competencias, se se vai pola vía da competencia de Viveiro, sabe porque fixo a Xunta iso, porque a ría de Viveiro é competencia é deles, non é por facerlle un favor á alcaldesa de Viveiro, para facerllo así mesma, igual que fixo na ría de Vigo.

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG, do Grupo Mixto-Esperta Monforte e dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular. "

**7º.-DECLARACIÓN UTILIDADE PUBLICA PLAN DE REXENERACIÓN DE FIRME NA RÚA SANTIAGO.**
O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, do concelleiro do grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Mixto-Esperta Monforte, e que se someta á decisión plenaria

**Transcríbese a proposta da Alcaldía:**
*"Examinado o informe da Secretaría Xeral, desta data, do tenor literal seguinte:*

*1º.- Con data 19/10/2023 o Arquitecto don Ramón Carlos Fernández Losada, Colexiado Nº 2.185, presenta o PLAN DE OBRAS DE REXENERACIÓN DE FIRME DA RÚA SANTIAGO.*

*2º.- Existe certificación na Secretaría Xeral acreditativa de que no Inventario de bens do Concello de Monforte de Lemos, non figuran os terreos a expropiar.*

*3º- A Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa, en relación cos requisitos previos á expropiación forzosa, establece, no seu artigo 9, que "para proceder á expropiación forzosa será indispensable a previa declaración de utilidade pública ou interese social do fin a que haxa de afectarse o obxecto expropiado.*

*4º.- O artigo 10 do citado corpo legal establece que "a utilidade pública enténdese implícita, en relación coa expropiación de inmobles, en todos os plans de obras e servizos do Estado, Provincia e Municipio.*

*5º.- O artigo 10 do Real Decreto de 26/04/1957, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa, pola súa banda, no que se refire á declaración de utilidade pública e interese social, previa á expropiación forzosa, sinala que "a declaración de utilidade pública e interese social a que se refire o artigo 9 da Lei levará consigo a autorización para expropiar os bens ou dereitos necesarios para a realización das obras ou o establecemento dos Servizos".*

*6º.- O artigo 11 do citado Real Decreto de 26/04/1957 ó regular a declaración de utilidade pública respecto de bens inmobles previa á expropiación forzosa dispón que "si os bens obxecto da expropiación fosen inmobles, a declaración de utilidade pública deberá facerse mediante lei aprobada en Cortes".*

*7º.- Non obstante, o apartado 2 do citado artigo dispón que "non será necesaria a promulgación dunha lei formal nos seguintes casos:*

*a) Cando se trate de obras e servizos comprendidos nos plans do Estado, Provincia ou Municipio, aprobados cos requisitos legais nos que se entenderá implícita aquela declaración.*

*b) A realización concreta dos plans do Estado deberá ser acordada por orde ministerial, e os da Provincia ou Municipio, polos organismos competentes."*

*Con base no anteriormente exposto infórmase favorablemente, que polo Pleno do Concello de Monforte, se adopten os seguintes acordos:*

*PRIMEIRO.- Proceder á aprobación do PLAN DE OBRAS DE REXENERACIÓN DE FIRME DA RÚA SANTIAGO, redactado polo Arquitecto don Ramón Carlos Fernández Losada, Colexiado Nº 2.185.*

*SEGUNDO.- Dacordo co disposto no artigo 10 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa, a aprobación do citado Plan de Obras, leva implícita a declaración de utilidade pública, en relación coa expropiación dos bens que nos ocupan. "*

*Polo exposto e, en base ao mesmo, proponse que o Pleno do Concello de Monforte de Lemos, adopte os seguintes ACORDOS:*

*PRIMEIRO.- Proceder á aprobación do PLAN DE OBRAS DE REXENERACIÓN DE FIRME DA RÚA SANTIAGO, redactado polo Arquitecto don Ramón Carlos Fernández Losada, Colexiado Nº 2.185.*

*SEGUNDO.- Dacordo co disposto no artigo 10 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa, a aprobación do citado Plan de Obras, leva implícita a declaración de utilidade pública, en relación coa expropiación dos bens que nos ocupan. "*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que eles van votar en contra porque os terreos sobre os que se vai actuar a eles o que lle dixeron é que non eran municipais. Eles non van poñer riba da mesa o que se merece Monforte de Lemos é un PXOM, queren insistir en que se os terreos non son municipais non se deberían actuar, aquí debe haber xente de rpimeira, segunda e terceira, algunhas veces dende o concello vostedes contestan que non se pode asfaltar porque non hai xente nestes sitios, ou por exemplo, o que fixeron na parte de atrás do clube fluvial que non hai ningunha casa, eles non se opoñen a que Monforte se modernice, ninq ue se asfalten as estradas, gustaríalle que dende o Concello tiveran unha norma xeral igual para todos.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que para poñerse en contexto fai tres meses trouxose aquí unha proposta en base a un informe para unha bonificación dunha empresa que xa mencionou antes, dende este escaño que iso non se atendía á realidade ao informe, se se aprobaba como estaba, despois de escoitar lindezas por parte do voceiro do equipo de goberno, despois veu a proposta modificada. Isto é para amosar a fiabilidade, estase a falar dun plan de obras de rexeneración de firme na rúa Santiago, agora mesmo despois de facer traballo de campo, ese camiño non é público é un camiño de servidume, por certo hai unha finca que agora mesmo que hai no medio. Se se vai invertir diñeiro púbico nun camiño que non é público, estase cometendo unha realidade. Eles entenden que abrir unha rúa nova, iso sería facer un plan sectorial daquela zona, e se se fala cos veciños se podería dar continuidade a rúa Tui, igual ten sentido. Fala dun camiño que para nunca e outro que empeza nesa finca por outro lado, de feito hai cancelas por un lado e por outro, pero iso é dos veciños e de propietarios, de feito hai unha casa que ten as fiestras para o camiño, queren que isto aínda que parezca unha cousa de trámite, ten máis importancia da que ten, habería que facer un pequeno plan sectorial, en vez de facer unha expropiación forzosa, falar cos veciños. Polo tanto eles van votar en contra disto, porque cren que o camiño é privado, iso de gastar cartos municipais nun camiño que non é municipal.

Intervén D. José Luis Rodríguez di que eles están a favor de que arranxen as pistas, que se asfalten os camiños, di que eles neste punto ven máis axeitado que se lle dera saída á rúa Roberto Martínez Andrade que é moito máis ancha, entón quedaría moito mellor, porque se podería poñer incluso en dúas direccións, igual que darlle saída á rúa Veiguiña e darlle servizo a varias fincas que se atopan sen

servizo. E un proxecto xusto que pode crear dificultade para veciños, e eles parécelle máis completo máis como dixeron.

Intervén o Sr .Alcalde dicindo que a el lle gusta ser riguroso, el escoitou afirmacións que non parecen, afirmar que os terreos non son municipais é moito dicir, porque se vostede mira o Catastro aparece, e nas Normas Subsidiarias aparece é máis aparece esa e a outra rúa que se unen, polo tanto eles teñen que fiarse de documentos, e que alguén no seu día debuxou as dúas rúas, está debuxado no planeamento das Normas Subsidiarias e no Catastro, facer unha firmación de que non son municipais sen máis, non sabe. Se aparecen é por algo. Pódese facer o populismo que se queira, esa é unha rúa que non sabe por qué alguén abriu outras e non abriu esa, por certo, en todo aquel tramo que retranquearon aquel tramo hai un muro de pedras moi antigo , iso está aí para ver, eles o que queren darlle utilidade a un rúa que non se ve, arranxar o firme convenientemente, vostede dalgunha maneira critica que se fagan outras obras como o acceso ao Clube Fluvial pola parte de atrás, levaban anos pedindo iso, non sabe que dano se fixo, o camiño estaba aí estaba de terra. Dille a D. Emilio que iso figura no Catastro e nas Normas Subisdiairas de Planeamento polo tanto quen o ten que asesorar son públicos, igual están equivocados, procuraron ser moi prudentes, como se prantexou a dúbida da titularidade parouse e se revisou ven isto, e foron prudentes deixándoo pendente en primaveira. Fala vostede de que existen documentos privados, entre veciños que nunca se levaron a documento público. Sinala que non ten que ver a rúa Tui, figura diferente no planeamento, non é mesma cousa, se foxe privado algunha parte dese terreo, haberá que abonalo seu importe. Aquí non se quere perxudicar a ninguén, os que teñen garaxes poderán entrar e saír como agora, ao contrario non haberá charcas, sairán mellor. Nas vías públicas estén asfaltadas ou non as obrigas son as mesmas, porque segue sendo vía pública, cre que con esta declaración de interese público o que se fai é resguardar os dereitos de todo o mundo, se algún trozo que se colla e se acredita que é privado haberá que valoralo.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que ten clarísimo que non o escoita. Esperta Monforte non critica que se faga iso. Están dicindo que fan actuacións nuns sitios dunha forma e noutros doutra. Eles o que din é que Monforte necesita un PXOM non necesita a zona C, zona D, e vostede todas as obras que quere facer en Monforte arriman ao río, para algunhas cousas lle vale, e eles seguen insistindo no mesmo, neste caso van votar a favor, o que lle dixeron a eles, non teñen porque pensar que esas propiedades son privadas, xa se quixo adxudicar unha obra de tres millóns d eeuros, sen ter os cartos, eles lle din que dende Esperta Monforte, saben de xente que din que iso é de propiedade privada. Se vostede queren facer iso o aprobaran , e despois xa se verá o que sexa, e con respecto ao PXOM, eles cren que non se pode facer a cachos e estar sempre improvisando.

Intevén D. Emilio José Sánchez deixou claro o seu posicionamento, e asegurarse que se pode obrar sobre eses terreos, porque despois sempre hai cousas. No pasado mandato el estivo facendo un traballo con respecto traer a pleno de arranxar ese camiño, el fixo o traballo de campo, ir ao sitio, e daquelas xa lle advertiron de que iso era de titularidade privada, desistiu de tráelo a pleno, e hoxe houberalle gustado tráela, ás veces o tempo fai ver que están equivocados, o que di é que se asegure de que iso é propiedade privada.

Intervén D. José Luis Rodríguez di que el cando dicía que se faga ben a obra, o que se refire a que eles están de acordo en qu se faga unha saída da rúa Santiago pero que se dea saída a rúa Roberto Martínez Andrade, e que se siga asfaltando con saída á rúa Chantada ,se despois se pode poñer en dirección única queda un inconveniente á entrada aos garaxes.

Intervén o Sr. Alcalde dicíndolle a D. Germán que volve repetir o do PXOM que se tirou dúas veces e daquelas non había o Plan Hidrolóxico Nacional que temos agora, non había as limitacións que temos agora. E que eses dous plans sectoriais aprobáronse no ano 2000, e o Plan Hidrolóxico Nacional aprobouse no ano 2016, o primeiro, xa se renovou no ano 2022, estase agora co segundo Plan Hidrolóxico.Gobernar é tomar decisións e ás veces gustan e outras non. Gustaríalle que lle dixera que obra hai parada polo interventor, non hai ningunha, pois nada preguntará porque él non a coñece, non é verdade, non hai ningunha obra parada por ese tema. Dille a D. Emilio que el lle acepta os razonamentos que expón dende o seu punto de vista, eles toman as decisións que teñen que tomar e non son asamblearios. Dende logo eles non queren facer algo que dane a ninguén. El viu fai poucos días que había xente que se queixaba, dicía algunhas cousas sobre o pavillón, que é mellor non dicilas, pero se tomou esa decisión, e afortunadamente hoxe Monforte ten un pavillón magnífico, e logo incluso hai xente que opina distinto dependendo de onde está, como por exemplo, viu nas redes unha cousa, a ignorancia fai moito, viu a unha persoa que no edificio que se está facendo é de urbanismo deste equipo de goberno, iso está aprobado polo anterior alcalde, el non aprobou esas normas, iso se está facendo porque o permite a norma, porque ten dereito a licenza e non facelo é prevaricar, iso fíxose cando se modificaron as normas de planeamento. Dille a D. José Luis se houbera algunha dúbida se fose así haberá que págalo, pero será público, para que non haxa perxuízo para ninguén por iso se trae aquí, cando este feito pensarán doutra maneira.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con nove votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e seis votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, dos concelleiros/as do Grupo Municipal do BNG, e dos concelleiro do Grupo Mixto-Esperta Monforte.

**8º.- ALTA NO INVENTARIO DE BENS DE TITULARIDADE MUNICIPAL.**

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, do concelleiro do grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Mixto-Esperta Monforte, e que se someta á decisión plenaria

Transcríbese a proposta da Alcaldía:
*"Visto o informe da Secretaria Xeral, que literalmente di:*

*"Segundo o artigo 25.2 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do réxime local, o Concello ten atribuída a competencia en "... infraestrutura viarias e outros equipamentos da súa titularidade...". Así mesmo, a Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das administracións públicas recolle no artigo 32 a obriga de formar inventario de todos os bens e dereitos que integran o patrimonio das administracións.*

*O Real Decreto 1732/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades Locais, sinala no artigo 17.1 o seguinte: "As Corporacións locais están obrigadas a formar inventario de todos os seus bens e dereito, calquera que sexa a súa natureza ou forma de adquisición". O artigo 33.1 di que "A rectificación do inventario se verificará anualmente, e nela reflectiranse as vicisitudes de toda índoles dos bens e dereitos durante esa etapa".*

*Por todo o anterior e vista a documentación obrante nesta Secretaria, INFÓRMASE que procede a rectificación do inventario municipal de bens coa inclusión das seguintes ALTAS:*

*1.- Parcelas cedidas pola Deputación de Lugo (15 parcelas)*

*2.- Compra parcela 13A do Polígono Industrial do Reboredo*

*3.- Casa en rúa Santa Clara, 58*

*4.- Casa en rúa Santa Clara, 60*

*5.- Parcela na que se sitúa o Mirador do Duque*

*6.- Parcela na que se sitúa o Parque do Hospital*

*7.- Cesión da DPV marxe esquerda LU-644 limítrofe co Parque do Hospital*

*8.- Parcela cedida pola Asociación de Veciños de Ribasaltas*

*9.- Inmoble Avd. Galicia, 77"*

*Con base ao anteriormente exposto,* ***PROPOÑO*** *que polo Pleno se adopte o seguinte* ***ACORDO****:*

***Único.- Rectificar*** *o inventario municipal de bens coa inclusión das seguintes altas:*

*1.- Parcelas cedidas pola Deputación de Lugo (15 parcelas)*

*2.- Compra parcela 13A do Polígono Industrial do Reboredo*

*3.- Casa en rúa Santa Clara, 58*

*4.- Casa en rúa Santa Clara, 60*

*5.- Parcela na que se sitúa o Mirador do Duque*

*6.- Parcela na que se sitúa o Parque do Hospital*

*7.- Cesión da DPV marxe esquerda LU-644 limítrofe co Parque do Hospital*

*8.- Parcela cedida pola Asociación de Veciños de Ribasaltas*

*9.- Inmoble Avd. Galicia, 77"*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:
Intervén o Sr. Alcalde dicindo que todos os bens que se pretenden dar de alta están relacionados.

Intervén Dª Katherinie Varela dicindo que precisamente di que na súa anterior exposición, están incluiindo unha serie de bens no inventario, pero aquí se mercaron dúas casas no 2020 e 2021 coa finalidade de facer a ponte nova, non hai visos de ningunha ponte pero os cartos están gastados, esperan que xa que están incluidos no inventario, se ao final non se fai a ponte se dea unha utilidade as casas.

Intervén o Sr. Alcalde dixo que noutros momentos se tiraron dous plans e se gastaron os cartos, vostede ten algunha dúbida de que se vai realizar a ponte, hai que facelo ben, e cando estea ben faráse a ponte, unha das grandes alegrías que eles levaría sería pechar ao tráfico a ponte vella, iso é unha das grandes ilusións como alcalde, están traballando a ponte non está esquecida, e está evolucionando ben onde podería ser máis conflictivo, na Confederación, pero está funcionando ben.

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG, do Grupo Mixto-Esperta Monforte e dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular.

**9º.- CONSULTA PÚBLICA MODIFICACIÓN ORDENANZA DE TRÁFICO.**
O ditame é favorable á proposta, con sete votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e do concelleiro do grupo municipal do BNG, dúas abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, e un voto en contra do concelleiro do Grupo Mixto-Esperta Monforte, e que se someta á decisión plenaria

Transcríbese a proposta da Alcaldía:
*"Examinado o informe da Secretaría Xeral, desta data, do tenor literal seguinte:*

*"PRIMEIRO.- Consecuencia da autonomía local institucionalmente garantida é o recoñecemento en favor dos Entes que integran a Administración local dunha potestade administrativa como é a potestade regulamentaria que se considera pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en diante LRBRL) (art. 4) integrante do conxunto de potestades de que gozarán os Entes locais para que poidan participar por medio de órganos propios no goberno e administración de cantos asuntos lles afecten, exercendo as súas competencias.*

*SEGUNDO.- A potestade regulamentaria está atribuída aos entes locais na medida en que sexa necesario ditar normas de carácter xeral cunha forza paralela á que teñen os regulamentos autonómicos ou estatais, creando así, un ordenamento xurídico propio, e cuxo exercicio debe ser sempre respectado polo lexislador ordinario. Potestade que, de calquera modo, atópase sempre implícita no propio concepto do termo autonomía, un de cuxos significados é, precisamente, a capacidade de ditar normas.*

*TERCEIRO.- A LRBRL constitúe o marco legal definidor do dereito constitucional da autonomía local, atribúe aos municipios, provincias e illas, na súa calidade de administracións públicas de carácter territorial e dentro da esfera das súas competencias "as potestades regulamentarias e de autoorganización" no seu artigo 4. l.a).*

*CUARTO.- A propia LRBRL, de modo xeral, habilita ás corporacións locais a intervir a actividade dos cidadáns por medio de ordenanzas e bandos (art. 84.1 a), o que resulta un recoñecemento explícito da potestade regulamentaria das Corporacións locais, necesaria para facer efectivo o citado dereito constitucional á autonomía local.*

*QUINTO.- Pola súa banda, o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril (art. 55) determina que "na esfera da súa competencia, as Entidades locais poderán aprobar Ordenanzas e Regulamentos, e os Alcaldes ditar Bandos. En ningún caso conterán preceptos opostos ás Leis". Como se ven de dicir, conforme ao art. 4 da LRBRL, a potestade regulamentaria corresponde aos municipios, provincias e illas na súa calidade de administracións públicas territoriais e, como tales, con dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao circulo dos seus intereses, en expresión do art. 2.1 LRBRL.*

*SEXTO.- Referente aos órganos titulares do exercicio da potestade regulamentaria, temos que dicir que o pleno da entidade é o titular do exercicio da potestade, en calquera caso. En efecto a LRBRL no art. 33.2. b), atribúe ao Pleno a aprobación de regulamentos.*

*SÉTIMO.- As ordenanzas e regulamentos locais, en canto manifestación da potestade regulamentaria, están suxeitos a uns límites formais e materiais. As normas ditadas polas Entidades locais -froito da súa capacidade de autonormarse- son de rango regulamentario e quedan suxeitas, non só ao principio de competencia territorial, material ou obxectiva e orgánica, e ás normas de procedemento (límites formais), senón, ademais, ao principio de legalidade, xerarquía normativa (suxeición ao establecido na lei), e ao respecto ao principio de reserva de lei (límites materiais).*

*OITAVO.- Polo que se refire ao procedemento de aprobación é preciso sinalar que a LRBRL unifica o procedemento para a aprobación das manifestacións da potestade regulamentaria das Entidades locais, coas particularidades dos regulamentos orgánicos e das ordenanzas fiscais que establece a Lei reguladora das Facendas Locais.*

*O Texto Refundido dispón no seu art. 56 que a aprobación das Ordenanzas Locais axustarase ao procedemento establecido no art. 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, debendo observarse para a modificación das ordenanzas e regulamentos os mesmos trámites que para a súa aprobación.*

*En efecto, a tramitación que establece no seu art. 49 axústase aos seguintes trámites:*

a. *Consulta pública previa.*

*De conformidade co artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación cidadá no procedemento de elaboración de normasse substanciará unha consulta pública*

b. *Informes previos.*

*O artigo 3.3 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, recolle dentro das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que en todo caso se emitirá informe previo no suposto de aprobación ou modificación de Regulamentos.*

c. *Aprobación inicial polo Pleno.*

*Tras a devandita consulta e informe previo, ao Pleno correspóndelle a aprobación inicial, conforme establece o art. 49 a) LRBRL.*

d. *Información pública e audiencia dos interesados.*

*O art. 49 b) LRBRL determina que se ten que abrir, unha vez aprobado inicialmente, un período de información pública e audiencia aos interesados, non inferior a trinta días, para a presentación de reclamacións e suxerencias.*

*Aínda que a LRBRL non precisa que a apertura do período de información pública deba anunciarse no Boletín Oficial da Provincia ou simplemente é suficiente coa inserción no Taboleiro de Edictos da Corporación entendemos que se estará ao que dispón, para o efecto, o art. 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sobre a necesidade da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP).*

e. *Resolución de todas as reclamacións e suxerencias. Aprobación definitiva polo Pleno (art. 49. c).*

*Finalizado o período de información pública, o Pleno, nun acto unitario, debe resolver as reclamacións e suxerencias e proceder á súa aprobación definitiva.*

*Pola súa banda o art. 49 LRBRL e establece que "no caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxerencia, se entenderá definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional".*

*f. Publicación. Neste aspecto, a LRBRL dispón no seu art. 70 que "os acordos que adopten as corporacións locais se publican ou notifican na forma prevista pola Lei. As*

*ordenanzas, incluídos o articulado das normas dos plans urbanísticos, así como os acordos correspondentes a estes cuxa aprobación definitiva é competencia dos entes locais, publicáranse no Boletín Oficial da Provincia e non entrarán en vigor ata que se publique completamente o seu texto e transcorrese o prazo previsto no art. 65.2"*

*g. Entrada en vigor.*

*Por tanto, no referente á entrada en vigor o art. 70.2 da LRBRL establece que as ordenanzas non entran vigor ata que se publicou completamente o seu texto e transcorrese o prazo sinalado no art. 65.2. Este prazo é o de 15 días hábiles con que conta a Administración do Estado e, no seu caso, as Comunidades Autónomas, para formular requerimento de anulación do regulamento, contados a partir do seguinte a aquel en que lle sexa remitida en cumprimento do disposto no art. 56 da LRBRL (seis días para a remisión máis quince días para o requirimento —arts. 196.3 e 215.2 ROF).*

*NOVENO.- A consulta pública previa ten que ser realizada mediante inserción no Taboleiro de Anuncios da páxina Web do Concello de Monforte de Lemos.*

*DÉCIMO.- No que se refire á maioría esixida para a súa aprobación o art. 47.2. LRBRL non esixe a maioría absoluta para a aprobación deste regulamento.*

*UNDÉCIMO.- O procedemento para a modificación da ordenanza esixe, para a súa aprobación, a mesma maioría e procedemento que para a aprobación da ordenanza actualmente en vigor.*

*Por todo o anteriormente exposto infórmase FAVORABLEMENTE a proposta de consulta pública previa á modificación da Ordenanza Municipal de Tráfico do Concello de Monforte de Lemos.*

*É canto procede informar".*

*Existe regulación actual, no Concello de Monforte de Lemos, da materia de tráfico, pero estímase que, para profundizar na mellora das súas condicións, é acaída a adopción de medidas complementarias ás existentes, medidas que esixen un respaldo normativo.*

*Por elo, existindo norma de carácter xeral que regula a materia, considérase suficiente para o obxectivo que se quere acadar, unha mera modificación da ordenanza existente, cuxa aplicación non está a causar ningun problema, pero que verase complementada e mellorada coas medidas que se pretenden implantar.*

*De conformidade co artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación cidadá no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración dun proxecto normativo, se substanciará una consulta pública.*

*Polo que vai dito, e en base ao mesmo, proponse que o Pleno do Concello de Monforte de Lemos, adopte o seguinte ACORDO:*

*1º.- Realizar a consulta previa en relación á modificación da ORDENANZA MUNICIPAL DE TRÁFICO.*

*2º.- Fixar o prazo de dita consulta en 15 días naturais, contados dende a data de inserción da mesma na páxina web do Concello de Monforte de Lemos, sendo con carácter xeral os destinatarios da consulta pública os cidadáns afectados, en concreto as persoas físicas empadroadas en Monforte de Lemos, así como as organizacións e asociacións legalmente constituídas que puidesen resultar potencialmente afectadas pola futura norma.*

*3º- A consulta faise coa finalidade de solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades, de forma tal que os potenciais destinatarios da norma e quen realice achegas sobre ela teñan a posibilidade de emitir a súa opinión, para o que deberán poñerse á súa disposición os documentos necesarios, que serán claros, concisos e reunir toda a información precisa para poder pronunciarse sobre a materia.*

*4º.- Aprobar o contido da consulta pública previa segundo o anexo que se achega.*

*5 º.- Ordenar a súa publicación no portal web do Concello de Monforte de Lemos."*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Jaime Germán di que eles están a favor dalgunhas das modificacións que van realizar aquí, gustaríalle que lle explicaran porque se ciñen estrictamente a iso, porque so para vehículos que presten servizos municiopais, abastecemento de combustible, porque o da masa máxima autorizada, porque non se está intentanto arranxar o tema dos patinetes, porqué se quedan nunhas cousas, gustaríalle que llo explicasen.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que é algo necesario modificar esa ordenanza para poder acceder ao casco en horas puntuais, el o puido ver nas súas propias carnes, so se pode acceder de 8 a 10 da mañá, sendo realista ir de 3 a 5 que hai menos xente, incluso lle gustaría que se reformasen as casas do centro e se non hai a ordenanza que hai agora, pero que non facilita o tránsito para as obras, senón que haxa unha forma máis flexible, el na comisión informativa falou da MMA, un coche pequeño pode entrar de 8 a 10 e un coche máis grande ten que pedir permiso, en definitiva débese modificar esa norma, de aquí para diante todo o mundo que lle afecte que presente propostas, gustaríalle que ao mellor hoxe viñese unha especie de borrador para ter unha ferramenta sobre a qué traballar.

Intervén Dª Katherinie Varela di que isto é unha audiencia pública para que se presenten propostas, polo tanto chegados a este punto eles teñen unha moción relativa de carga e descarga, o máis oportuno é retirar a moción e presentar eles propostas, eles cren que se deben flexibilizar esas normas de carga e descarga, reitera a retirada da súa moción e presentaran as propostas no trámite de audiencia e debateran cando chegue o momento.

Intervén o Sr. Alcalde di o Sr. Germán por qué, da experiencia da utilización da ordenanza, se deriva que débese modificar a ordenanza, ata agora se limitaba o peso, a responsabilidade e del, cando se fixo o borrador da ordenanza, cando se propuxo eses 2000 kg se pensaba en furgonetas, pero vése que hai necesidades que ao mellor pase un pequeño camión que pasa de mais de 2000 kg, o cambio é a 3.500,00 kg a entrada de varios vehículos de mercancías de establecementos, o tema é flexibilizar, que sex amáis flexible para os particulares e empresas, para poder acceder á zona peonil, por iso se pon iso como os domésticos, trátase de flexibilizar a ordenanza. Os municipais teñenq ue cumprir a norma igual que os privados. Sobre estes temas calquera pode facer aportacións, que coincidirán coa idea do equipo de goberno ou non, cando o pase o mes de exposición pública, hoxe non está redactado, pero non está o texto feito, si esta a idea, unha vez que se estudien as aportacións. En Coruña na parte peonil poden repartir de 8 a 10, e despois se pecha, quere dicir, tamén ao mellor se pensou en algo sí, igual hai que flexibilizar un pouquiño pode ser, para casos singulares hai autorizacións singulares, non se van contemplar mudanzas, se hai algunha se pide e a policía local informa e xa está, está pensando para aquelo que pode ser ordinario. Trátase de flexibilizar e facilitar a vida da xente. Como ven dicía D. Emilio, o borrador ten que vir despois, agora se anuncia sobre qué cuestións se quere actuar.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez gustaríalle que se explicase porque eses temas , cando hai riba da mesa outros temas, que hai moitas máis cousas que estas. Non entende porque ten a posibilidade agora porque se quedan nestas catro ou cinco cousas.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que el xa explicou eles queren traer isto porque queren cambiar estas cousas, hai unha lei de rango superior que a lei xa di por onde teñen que andar os patinetes.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con catorce votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e unha abstención do concelleiro do Grupo Mixto-Esperta Monforte.

**10º.- ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREO NA RÚA CHANTADA.**
O ditame é favorable á proposta, con sete votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e do concelleiro do grupo Mixto-Esperta Monforte, e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e do concelleiro do Grupo Municipal do BNG, e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da Alcaldía:
*Examinado o informe da Secretaría Xeral, desta data, do tenor literal seguinte:*

*"ANTECEDENTES*

*Con data 13.07.2021 D. Carlos Alvarez López presenta escrito adxunto proxecto de execución para obra na rúa Chantada núm. 2 D previo ao inicio das obras e solicitando a área de cesión que se indica na licenza núm. 043/2021 para construción dunha vivenda unifamiliar illada.*

*Con data 16.11.2021 a Arquitecta Municipal emite informe relativo á cesión de maneira gratuita.*

*Con data 22.11.2021 a Xunta de Goberno Local adopta acordo no sentido de que a superficie total da cesión é de 9,00 m2.*

*FUNDAMENTOS XURÍDICOS.*

*Artigo 20.a) da Lei 2/2016 do Solo de Galicia , de 10 de febreiro que sinala "Ceder gratuitamente al ayuntamiento los terrenos destinados a viales fuera de las alineaciones establecidas en el planeamiento cuando pretendan parcelar, edificar, ampliar el volumen o rehabilitar integralmente edificaciones existentes".*

*Á vista do que INFÓRMASE FAVORABLEMENTE a aceptación da cesión de maneira gratuita de 9,00 m2, con destino a vía pública, consistentes nos terreos frontais á parcela comprendidos entre a aliñación de planeamento limitadora da mesma e a vía actual. "*

*Visto o informe da Arquitecta Municipal de data 18 de outubro do 2023:*
*"A parcela onde se pretende construír dita vivenda, e polo tanto a porción de dita parcela que se cede, está situada en zona clasificada nas Normas Subsidiarias Municipais vixentes como Solo Urbano Consolidado en réxime de Edificación Residencial Mixta Extensiva (variante Residencial Aberta Extensiva)".*

*Polo que vai dito, e en base ao mesmo, proponse que o Pleno do Concello de Monforte de Lemos, adopte o seguinte ACORDO:*

*Aceptar a cesión maneira gratuita de 9,00 m2 , con destino a vía pública, consistentes nos terreos frontais á parcela comprendidos entre a aliñación de planeamento limitadora da mesma e a vía actual. "*

*De seguido prodúcense as seguintes intervencións:*

Intervén o Sr. Alcalde explicando o tema.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez amosando o seu voto a favor. Di que na votación anterior se están quince os votos a favor son catorce cunha abstención súa.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que ten razón na votación anterior.

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade, cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Mixto-Esperta Monforte.

**11º.- MOCIÓN DE ESPERTA MONFORTE SOBRE A RECOLLIDA DE AUGAS PLUVIAIS NA BAIXADA AO CAMPO DA FESTA DE GULLADE.**

O ditame é favorable á proposta, cun voto a favor do concelleiro do Grupo Mixto-Esperta Monforte e nove abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e do concelleiro do Grupo Municipal do BNG, e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

*"Que o Concello de Monforte faga as xestións necesarias ante a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil ou ante os organismos precisos, incluído o propio Concello de ser necesario, para que se tomen as medidas pertinentes e no menor tempo posible se solucione o grave problema que estes veciños están a padecer".*

*De seguido prodúcense as seguintes intervencións:*

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dando lectura á moción. Di que hai unha escorrentía de auga que fixo inundacións nunhas zonas determinadas, utilizando os cauces naturais como é vira o Concello, visto como non o arranxaban, Aqualia dixo que non era tema deles, o único que piden é que teñan a ben falar coa Confederación e arranxar este problema.

Intervén D. Emilio José Sánchez votar en contra de aprobación isto, estaría estar en contra de solucionarlle os problemas á veciñanza, non van buscar nin a enumerar os culpables, o que hai que buscar son solucións, o concello é a primeira administración onde os veciños recurren, primeiro solucionar o problema deses embalsamentos de augas pluviais e despois buscar unha solucións a longo prazo, votan a favor que se solucione canto antes.

Intervén D. José Luis Rodríguez di que eles están a favor de que solucionen os problemas dos veciños, di que eles non van buscar culpables eles apoian a que se solucionen os problemas.

Intervén D. José Luis Rodríguez sinala que parece que non pisou o terreo, na zona que vostede fala, a auga baixa por un camiño público, que ten certa pendente que polo tal as augas baixan con certa velocidade e intensidade, e pola parte de atrás das vivendas das que vostede fala son propiedades particulares, como de todo o mundo é sabido a auga

correo para abaixo, parece que vostede non pisou o terreo para elaborar esta moción. O campo da festa de Gullade foron renovados no ano 2006, e dende entón leva chovido coa mesma intensidade que puido chover nestes últimos días, ata esta data ninguén prantexou esas queixas, se é agora cando xurde este problema, non entende porque dende o 2006 ao 2023 non existiu, algo difícil de entender. A zona se mellorou no ano 2006 nunca houbo queixas de ningún veciño ata esta data, e alí hai máis casas habitadas no mesmo barrio, non o entende. En condicións normais non lle consta que houbera ningunha queixa, sen embargo unha tromba de choiva, pode provocar esta situación, días normais de choiva isto non ocorre, ademáis dille a D. Germán a solución que pide é desacertada, pide ao concello que habilite sumidoiros para canalizalas augas, e tería que ser no regato máis próximo ó regueiro de Fontal, isto non se pode facer, como ben sabe é competencia da confederación hidrográfica miño-sil e eles libremente non poden verter ao río, a competencia de canalización desas augas non é do concello, e polo que non van apoiar esta moción.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que o Concello faga as xestións necesarias ante a Confederación hidrográfica e ante os organismos precisos para que tomen as medidas pertinentes, pero está de coña vostede, pode vir aquí a dicir aquí se foi ata alí, a maiores foi a ver este tema, pero a vostede esta llo escribiron, o único que piden que o concello faga as xestións necesarias, pero díganos que é o que teñen que facer os veciños. Vostedes o equiop de goberno son os que se teñen que poñer, porque vostedes gobernar para todos, non entende nada, en xeral, ningún de vostede entenden nada. Vostede que veñan a dicir que non fumos, o importante e facer de correa de transmisión, o que ten que ir é vostede que é o que cobra, que lle pagan eses veciños que lle está entrando auga, pode dicir 70 veces que non traballo, si que foi a ver isto, o importante é que hai uns veciños que teñen uns problemas, non leu a moción.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que como dixo antes é que hai que buscar unha solución, di o concelleiro de servizos, a única forma é quitar a auga para o regueiro do Fontal, que non se pode verter, claro que non se pode, pero haberá que buscar un sistema que aos veciños non lle entre auga na casa. Di vostede que ninguén protestou, igual non tiña ese problema antes, hai un problema hai que buscarlle unha solución, eles van apoiar esta iniciativa, igual a solución non é tan doada como parece.

Intervén D. José Luis Rodríguez piden unha solución o máis pronto posible e a teñen que buscar vostedes porque son os que está gobernando.

Intervén D. José Luis Rodríguez Losada, vostede cando di que non coñece aquelo o di con razón, coñece aquelo por moitas razóns, si é certo que cando hai unha tromba pode ocurrir iso, en condicións normais non.

(Neste momento intervén unha persoa do público ao que o Sr. Alcalde manda desaloxar na sala).

Continúa falando o Sr. José Luis Rodríguez vostede ten razón el estivo o xoves pasado, metros antes pasa unha canalización dunha casa que hai no lado esquerdo, tamén no video que vostede presenta vése claramente que as goteiras dos tellados e vivenda están todas no patio, agora hai que buscar razóns. Os veciños canalizaron as augas, repite este equipo de goberno non se alegra das desgrazas de ninguén.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dicindo que non vai utilizar, soamente quere dicir lle parece o que ten que analizar é o que está pasando aquí, se quere si a dicir que el non traballa, o que non pode dicir é que parece os veciños son os que inundan, non é de recibo, vostede pode dicir o que queira pero tamén ten que medirse, por iso se di que hai monfortinos de primeira, segunda e de terceira, nin o trato normal é ese, nin é normal que leven seis ou oito meses, dicir o que ten que facer un veciño, hai que xestionar todo a través de vostedes, hai moitos veciños que non queren vir aquí, isto é vergoñento, e vostede non pode dicir aquí púbicamente que non se ten que alporizar, que son os propios veciños que son os que están inundando o sito, que saiban que hai veciños que teñen problemas e vostedes non o van arranxar.

Intervén o Sr. Alcalde di que é conveniente escoitar, ten pouca educación, porque se alporice da igual, que vai gañar, e dende logo non poden dicir é para nota o que fai vostede, pode dicir o que considere mentres non insulte. Se vostede ampara a algarabía e a feira eles non, aplica o regulamento orgánico das corporacións locais e o regulamento propio da Corporación, galiñeiros non, iso non o vai consentir. Aquí hai que escoitar e non interrumpir a ningún concelleiro nin a vostede nin a ninguén, aquí os únicos que teñen que falar é a corporación. Polo tanto, non hai de primeira, de segunda e de terceira se alguén non quere vir xunto deles están na súa libertade, o equipo de goberno é que ten que tomar as decisións, vostede ven a suplir a unha persoa. Os permisos privados teñen que solicitalos os privados, o ten que facer el, este é un órgano político, non é un órgano administrativo, iso por un lado. Por outra banda, di vostede que o Defensor do Pobo, ademáis agora admiten cousas case inadmisibles, todos saben que o non ten capacidade executiva, nin é un fiscalizador dos Concellos. E logo vir a dicir ao concelleiro que ten que ir onde vostede diga, e cobra moito menos do que merece e vostede non cobra porque non forma parte do equipo de goberno, pero vostede se beneficia de proxectos e de obras que fai o Concello, ou quere que lle diga onde vai vostede.

(O Sr. Alcalde chama a atención por dúas veces o concelleiro D. Jaime Germán Vázquez).

Na primeira intervención como do Partido Popular como do BNG, a vostedes lles parece que non é responsabilidade do Concello, sendo iso verdade, iso é así, serán esas persoas as que teñen que ir á Confederación, eles no privado non llo van facer, non é na estrada que baixa dende a parte que baixa da igrexa, é noutro sitio.

Sometido o asunto a votación rexeítase por maioría con nove votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e de D. Jaime Germán Vázquez Pérez.

**12º.- MOCIÓN DE ESPERTA MONFORTE SOBRE TALA MASIVA DE FRONDOSAS EN DISTRIZ.**

O ditame é favorable á proposta, cun voto a favor do concelleiro do Grupo Mixto-Esperta Monforte e nove abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e do concelleiro do Grupo Municipal do BNG, e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:
*"1.- Impedir a tala masiva e indiscriminada na parroquia de Distriz.*
*2.- A favor dunha xestión sostible dos recursos naturais e preservación das paisaxes rurais.*
*3.- Facer chegar este posicionamento á Confederación Hidrográfica, Ministerio de Medio Ambiente, consellería do Medio Rural, e aos medios de comunicación".*

Intervén D. Jaime Germán Vázquez retira a moción e abandonou o salón de sesións non vai admitir que vostede Sr. Tomé mezcle o persoal co laboral.

**13º.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA QUE SE FLEXIBILICEN AS NORMAS DE CARGA E DESCARGA A PROL DOS AUTÓNOMOS E COMERCIANTES DE MONFORTE.**
Dª Katherinie Varela retira a moción para facer aportacións ó borrador da ordenanza de tráfico, aspecto que se tratou no punto 9 da orde do día.

**14º.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA QUE DESDE O CONCELLO DE MONFORTE SE INSTE O GOBERNO CENTRAL A CUMPRIR A FINANCIACIÓN DA LEI DE DEPENDENCIA.**
O ditame é favorable á proposta, con dous votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, e oito abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, do concelleiro do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Municipal Grupo Mixto-Esperta Monforte, e que se someta á decisión plenaria.

**Transcríbe a proposta da moción:**
*"Que o Concello de Monforte inste ao Goberno Central a cumprir o 50% de financiamento dos servizos de depedencia que estipula a lei 39/2006".*

*De seguido prodúcense as seguintes intervencións:*

Intervén Dª Katherinie Varela dando lectura á moción.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que produciuse un rato algo que non debeu producirse, o que non pode dicir o Presiente dicir nos termos "vótenna fora", pare o pleno, non ten porque esa señora non ten que saír por un brazo do axente da policía Local.

Intervén o Sr. Alcalde el dixo que a desaloxaran porque estaban pronunciándose nun pleno, vostede cíñase á cuestión porque non é cousa súa, o día que presida vostede o pleno.

Continúa o Sr. Emilio José Sánchez no tocante a esta iniciativa gustaríalle saber dende cando é isto, cando foi Rajoy quén deixou sen orzamentos o tema da dependencia. Di que eles comparten que haxa que aboar, hai que ser claros agora reclámase porque toca se ao mellor volve haber eleccións e gaña o Sr. Feijoo as eleccións e goberna coa ultra dereita no mes de abril, que votarían, votaran a favor de que se cumpran o establecido.

Intervén o Sr. Alcalde di que non vai haber eleccións, e o Sr. Feijoo non vai gobernar.

Intervén Dª Gloria Mª Prada dicindoq ue da que pensar non tería que actuar da maneira que o vai facer. Di que isto non é nada persoal contra vostede pero hai que ter valor para traer este pleno, nos termos nos que trae a moción, fala dos 50.000,00 parece mentira que unha voceira veña ríndose de 50.000,00 euros non sabe o que supón destinar eses cartgos a maiores do 1.900.000 euros que están destinando ao SAF , hai que ser osadas para falar de lista de espera, porque vostedes están acostumados a dicir unha cousa cando gobernar, a proba está non fai moito tempo. Vostedes repiten tantas veces a mentira para calar na cidadanía que teñen a razón, ela o que quere é invitala a vostede a que tgraouxera a este pleno unha moción instando á Xunta a eliminar as listas de espera nos centros de saúde, que non haxa que chamar ao médico de cabeceira, tarden 3 meses, no tema do hospital, todos os especialistas que lle faltan, que diga que inste á Xunta que se supriman as listas de espera, hai que ser osados a vir aquí e falar nestes termos cando sabe que foi un presidente socialista o que puxo esta lei de dependencia, e que vostedes tiraron polo suelo, e ven dar leccións do que é isto, vostede sabe que o goberno autonómico esta destinando 12 horas , cando este Concello está pagando os 20 euros, ademáis é osada cando realmente menciona que esta lei se financia coa Xunta e cos usuarios, onde queda o Concello. Lea vostede a moción e díga si esto se pode traer a este pleno, o concello depende do gobernante, gracias a deus temos un gobernante que é sensible coas necesidades. Vostede mirou o observatorio de dependencia onde di que Galicia está na lista das comunidades autonómas que recortan en dependencia, non o di ela, aparte son expertos o que eleboran este informe. Para que queren vostedes os cartos senón o aplican onde o teñen que aplicar. Recortan todo o posible e manteñen uns niveis de gasto difícilmente compatibles coa prestación dos Servizos Sociais adecuados, a Xunta recortou a inversión en dependencia destinando eses cartos a outros menesteres.

Intervén Dª Katherinie Varela manifestando que non entra a comentarlle a D. Emilio o que dixo, de todos xeitos fala vostede Dª Gloria dun tono educado e paternalista, traen o que estiman conveniente  ao pleno, outra cousa ten vostede sorte en desviarse do tema, sendo do equipo de goberno. Dixo que lle aparece insuficiente os dos 50.000,00 euros, eses cartos os van pedir á Xunta de Galicia, se vostedes lle pagan 20 ou 21 euros á empresa, é cousa súa pola licitación que fixeron, cren que a xestión directa aforraría moitos problemas e incluso faría que o servizo fose máis económico. Fala da falta de financiación que lle correspondente ao Estado e non fai. Levan vostedes catro anos gobernando e aquí se segue exactamente igual, nos últimos cinco anos tampouco se solucionou o problema. A lei 39/2006 o estado é quén ten que facilitar a financiación en temas de dependencia, traen esta moción para ver se vostedes do mesmo que reprochan e sinalan á Xuntá, para saber se son capaces de pedir a quén lle teñen que pedir.

Intervén D. EmilioJosé Sánchez a cuestión é apoiar ao Sr. Casado ou a Sr. Sánchez, di que é maís profundo que traer unha simple moción e pagar o que debe, cantas competencia sse transferiron do estado español ao goberno autonómico nos últimos 14 anos, cóntase ben, cero, o qu ehai que facer é ter comeptencias , e traballar nun sistema de financiamente adaptado ao noso país, nos últimos datos en Galicia estase invertido menos, reclamemos competencias, e despois ten que haber un sistema de financiamento adecuado a Galicia, o que ten que pedir o Goberno da Xunta é pedir axudas. Eles van apoiar esta iniciativa poque está acordado no seu momento, ser serios non é unha dsimple voceiro dun Partido

Político, vostede é unha deputada da Xunta de Galicia, pode debater porque está debatindo cunha persoa que sabe do que se está falando.

Intervén Dª Gloria Mª Prada recentgemento o equipo de goberno presumía de incrementar o servizo de 50.000,00 eujros, díga como teñen que interpretar ese "presumía". Di que ela con tono parternalista non, ela o que non quere que se ofenda, esta falando cunha concelleira do partido popular, non vai utilizar o tono parternalista. Vostede fala da falta de financiación, vostedes non gastan o que lle mando o Estado, non o usan para a dependencia, pero que queren máis para seguir incrementando as arcas da Xunta. O di o documento que a Xunta non gasta en dependencia que incrementa e sanea as arcas da Xunta. No ano 2008 foi a peor crisis financieira vostedes en vez de axudar á cidadanía o que fixeron foi recortar,q ue vostedes recortaron coa xente máis vulnerable, iso ten que pensárselo. Nos anos 2021 ao 2023 as contías que aportan a administraico´n do Estado se dupolicarón no 150%.

Intervén Dª Katherinie Varela di que esta iniciativa estaba presentada no Parlamento de Galicia, é unha demanda antiga do partido popular de Galicia, de feito non trouxeron da "amnistía" non son de traer mocións xenéricas, ogallá puideran debater máis cousas, isto lles pareceu importante porque realmente viron unhas novas da falta de colaboración coa financiación, é curioso que o Estado non está aportando o que deberá aportar, todos eses datos que vostede deu son para tapar esa falla de colaboración. Di que é clara a moción ´eunha vella reclamaciónda Xunta de Galicia, agradecen que o BNG a apoie.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que aquí non está Puigdemont, vostedes son máis de "amnistía" fiscal, así que tranquila, o PP subraia a posta da Xunta da continuación do hospital, e logo como un logro satisfactorio que a Xunta pague as nóminas dos empregados do hospital que superen os 30.000,00 euros. Fíxolle graza unha cousa debateuse o uso da páxina web municipal de xeito partidista, fíxese o que ten aquí, o voceiro popular na deputación de lugo e resulta que fai unha comunicación no páxina web od concello de Portomarín, isto si que é de uso partidista, e despois queren dar leccións de que usan a páxina web dunha maneira, "vivir para ver·".

Sometido o asunto a votación rexeítase por maioría con nove votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, cinco votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG.

**15º.- MOCIÓN DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO RELATIVA Á BONIFICACIÓN DO ICIO PARA INSTALACIÓNS DE SISTEMAS DE APROVEITAMENTO DE ENERXÍA SOLAR PARA AUTOCONSUMO.**

O ditame é favorable á proposta, cun voto a favor do concelleiro do Grupo Municipal do BNG e nove abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e do concelleiro Grupo Municipal Grupo Mixto-Esperta Monforte, e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:
"*Instar ao goberno municipal a que bonifique as instalacións de sistemas de aproveitamento de enerxía solar para autoconsumos".*

*De seguido prodúcense as seguintes intervencións:*

Intervén D. Emilio José Sánchez Iglesias dando lectura á moción presentada. Manifesta que está claro na exposición de motivos que é incentivar esa posta en marcha daqueles veciños que queiran utilizar a súa vivenda para esa enerxía para autoconsumo, non poñen a cantidade, porque non é un técnico, ven é certo con técnicos municipais ou externos que poidan facer unha valoración, que o concello por un tipo de bonificación , son moitas as cidades que están facendo para incentivar e impulsar esa enerxía limpa. Esperan que sexa unha proposta que poidan quitala adiante cos votos favorables de todos.

Intervén D. José Luis Rodríguez manifesta que trae unha moición cunhas porcentanxes dun 30 e 95%. Algo está facendo ben a Xunta porque isto se subvenciona a través do INEGA. Isto é beneficiar e axuda dalgunha maneira a implantación destas enerxías limpas.

Intervén D. Iván Torres dicindo que interrumpir un funcionamento dun pleno é un delito, outra cousa ben diferente son os abandonos. Non lle parece correcto o de marcharse. Vai explicar porque teñen un proxecto para abordar este tema, en calquera caso vai explicar. O PSOE sempre foi promotor das enerxías limpas, na moción que se presenta se contempla un teipo de bonficación, o equipo de goberno está traballando na modificación da ordenanza do ICIO nas que figuras as bonificacións que vostede propón. A proposta que están traballando é máis ampla que a proposta que vostede fai, polo que consideran que é mellor realizar a modificación en conxunto e que facer modificacións puntuais.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que eles non teñen ningún interés persoalmente que se vote a favor, se vostedes lle din que están traballando en un tempo prudencial de aquí ao pasar o Nadal que van facer unha modificación deste tema, non ten ningún problema en retirala moción, di que se nun tempo prudencial van traer aquí esa modificación pois non ten problema apara retirala. Di vostede D. José Luis póñao vostede a porcentaxe se vostede D. José Luis vése capacitado para facelo, fágao.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que o que dí o voceiro é un compromiso, unha reforma ampla do que é a ordenanza do ICIO, porque queren adaptala un pouco o que hoxe é e non como está, e non porque queiran ser eles porque hai outras moitas de Concellos próximos que acaban de aprobala fai uns meses, tratar de ir na liña xeral, e sobre todo porque que hai moitas disfuncións nas licenzas de obras e que hai que contemplar.

Intervén D. Emilio José Sánchez manifesta a retirada moción presentada.

**16º.- MOCIÓN DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO RELATIVA Á REIVINDICACIÓN DO DÍA 25 DE NOVEMBRO E Á NECESIDADE DE IMPULSAR COMPROMISOS ECONÓMICOS E ORZAMENTARIOS PARA GARANTIR A ATENCIÓN Á VIOLENCIA MACHISTA.**

O ditame é favorable á proposta, cun voto a favor do concelleiro do Grupo Municipal do BNG e nove abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e do concelleiro Grupo Municipal Grupo Mixto-Esperta Monforte, e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbe a proposta da moción:

*1.- Expresar o seu rexeitamento ante o avance dos dicursos negacionistas e banalizadores da violencia machista, e a súa preocupación ante os retrocesos en dereitos que está a impulsar a dereita en diversas institucións no conxunto do Estado, malia o aumento dos feminicidios que estamos a vivir durante o 2022, así como o seu apoio ás demandas do feminismo galego e ás convocatorias impulsadas ao abeiro do 25 de novembro do 2023.*

*2.- Instar á Xunta de Galiza a incrementar os recursos económicos destinados específicamente a loitar contra a violencia de xénero do proxecto de orzamentos de 2024 de forma que se sitúen como mínimo, no 1% do total e así de dotar de suficientes recursos para que se rectifique a liña de incumprimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero en aspectos como a atención psicolóxica na atención primaria (artigo 25) e se avance en medidas concretas como elevar as contías da prestación periódica (artigo 39) para actualizalas conforme ao incremento do IPC.*

*3.- Instar á Xunta de Galiza a incrementar os esforzos na prevención e na loita contra a violencia sexual, acelerando os traballos encamiñados ao cumprimento dos acordos parlamentarios en materia de aprobación e aplicación dun protocolo de prevención e intervención fronte agresións sexuais no marco do ocio nocturno e impulsando no curso 2023/2024 unha campaña específica sobre a violencia sexual e os recursos no ámbito do ensino secundario e universitario para espallar o seu coñecemento entre a poboación máis nova.*

*4.- Demandar da Xunta de Galiza a aprobación dun programa de ampliación e extensión dos CIM a través das seguintes medidas:*

*4.1 O incremento da achega económica do programa de axudas e subvencións de apoio aos CIM co obxectivo de reforzar e ampliar a rede galega de CIM facendo especial énfase na creación destes centros naqueles Concellos e comarcas nos que actualmente non existen ou están sobrecargados.*

*4.2 A contía económica máxima que a Xunta de Galiza achegará para o financiamento dos CIM a través da liña de axudas anual terá en conta a fixación de ratio mínimas de persoal que deberán establecerse en función do número de mulleres potencialmente usuarias do servizo así como a contratación a xornada completa, como mínimo, de todo o persoal que sexa obrigatorio para acreditación do CIM. Así mesmo, o Programa de apoio aos CIM procurará que o orzamento garanta non só o pagamento dos custes de persoal e de mantemento senón tamén o desenvolvemento de actividades e programas de prevención da violencia machista e a promoción da igualdade.*

*4.3 Impulso das actuacións necesarias para que a normativa que regula os CIM amplíe o persoal mínimo para a acreditación dos centros para incorporar novos perfís profesionais, nomeadamente, persoal técnico en igualdade e persoal administrativo".*

*De seguido prodúcense as seguintes intervencións:*

Intervén D. Manuel Luaces dando lectura á moción.

Interfvén Dª María Luisa Vázquez di que dende o punto de vista tgraballar dende o seu partidco para sensibilizar á xuventude, e sobre todo en prevenir as violencias sexuais, tampouco poden esquencerse da igualdade do xénero. Baixo o seu punto de vista o tema de igualdadde é algo que cada un debe ter na súa conciencia sin depender de organismos que lancen recordatorios unha violencia de xénero, educar aos xovesnes e eles mesmos como sociedade. Di que ela como muller, no seu mundo laboral , sendo masculino, nunca se sentiu en desigualdad eco outro sexo, tendo en conta que Galicia, é a comunidade con menor taxa de violencia de xénero, isto faille ter unha reflexión e que posiblemente as mulleres comencen a creer máis no sistema, hai que reforzar as forzas de seguridade cunha mellor formacio´n e facilitar a inclusión destas mulleres no mercado laboral. A Xunta tgraballan para que dispoñan de asistencia xurídica, acogimento e apoios económicos, ás vitimas ao longo de todo un ano, para aqueles vitimas que non traballo, a violencia de xénero contará con todo o seu apoio. Apoiar á xuventud eé o único camiño para avanzar, reforzaron os recuros para as vitimas cun presuposto nun 14% , para a promoción de igualdade e prevención da violencia o 40% . Na Secretaría Xeral da Igualade farase un incremento nos orzamntos do 13,65% no 2024, as actuacións contarán cun 14,46% máis para combater esta lacra. As principais liñas serán as prestacións económicas para as vitamas de violencia de xénero, mantemento das axudas do pago único con especiais dificultades ao acceso laboral.

Intervén Dª Margarita Rodríguez di que quere dar un dato o importante é dar datos concretos, todo esta moi ben no papel, queren máis, é moi sinxelo dicilo pero logo hai que facelo. Aquí hai CIM que colle os Concellos de Pantón, Saviñao, Sober, Bóveda e Pobra de Brollón, este concello ten un presuposto para o CIM A subvención da Xunta para o CIM foi de 85.000,00 euros, porque é comarcal senón sería 45.000,00 euros para que un CIM funcione necesitan tres persoas, unha letrada, unha psicóloga e unha persoa qu eleve orientación laboral, dende este equiop de goberno fíxose un goberno moi grande, había unha psicóloga que tiña 14 horas á semana, agora está a xornada completa dende o 1.01.23, iso é un esforzó grande que se está facendo, a atención dende a letrada é dende o principio, pero logo o seguimento é de moito tempo, porque son mulleres moi vulnerable que necesitan coller confianza, cunha familia detrás, aos nenos hai que atendelos, a psicológa é a que ten máis trablalo no sentido da continuidade, é difícil de cuantificar canto tempo, con 14 horas non se podían facer nada. Logo falaban dos contratos das mulleres de violencia de xénero, dende este concello estáse colaborando coa Xunta, estase contratando a dúas mulleres todos os anos. Para elas é máis importante ter un traballo, non é tan importante darlle unha axuda, hai que darlles un traballo iso realmente habería que destinar os cartos, vense que son donas da súa vida, do seus cartos, da súa familia, ao final que rematan o contrato,

hai outra vida distinta, teñen un entorno laboral no que coñecen outra xente, non entran na dinámnica sempre o mesmo, ao final é importante o diñeiro, pero hai que saber onde é máis importante actuar con el. Di que elas fixeron moitas actividades, si é importante que os xóvenes traballar con eles. Fala de que cada vez hai máis negacionismo, inflúe moito os medios de comunicación, as redes Sociais. Di que eles traballan moitos cos nenos, teñen moitas subvencións do Pacto de Estado.

Intervén D. Manuel Luaces di que eles cando elaboraron a moción preguntaron no feminismo. Hai un maior apoio á violencia de xénero, o pasado 13.10.23, os datos mais recentes respecto da violencia da muller, da estadística xudicial, un total 1.707 denuncias, no 2023, hai algo que está saíndo mal. O número demulleres que denunciaron son 48, das que 28 son de Sarria, precisamente vila onde non teñen apoio do CIM, saben que no CIM debería haber unha traballora social.

Intervén Dª María Luisa Vázquez di que cren que todos fan os máximos esforzos para protexer ás mulleres como aos fillos para que teñan unha mellor educación e orientación. Cre que dende a Xunta tamén se está facendo un gran esforzo, a Xunta si está traballando nese protocolo, esta iniciativa permitirá aos establecmeentos de ocio nocturno que se adhieran á actuación.

Intervén Dª Margarita López dicindo que van apoiar a moción. Di que tiveron contratada a unha psicóloga que estivo traballadno cos nenos, aquí hai que estar todos a unha hai que empezar dende o principio no día a día. Espero que a Xunta indremente a cuantía que lles da aos CIM. Fala de que fan multitud de actuacións coas mulleres vitimas.

Intervén D. Manuel Luaces di que quere pensar que ninguén dos aquí presentes como persoas negarían a violencia machista, vostedes veñen representando a un partido, onde non chegan a gobernar apoian nun partido que nega a violencia machista, entón dúbidan en aceptar ese discurso da extrema dereita. Eliminan concelleiras de igualdade, retiran bandeiras deLGTBI dos Concellos e quere que teñen a sorte do país que a extrema dereita non ten representación ata lle contarían ese discurso se despendesen deles para gobernar. Hai que fixar novos compromisos e comprometer máis recursos, como é a atención psicolóxica da atención primaria.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con once votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG, e tres votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular.

## PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

### 17º.- INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA ( 28.09.2023, 29.09.2023 e 02.10.2023 ).

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta específicamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

**18º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

**Pregunta do Partido Popular sobre o número de reclamacións presentadas en Aqualia.**

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que  segundo os datos que lle faciliten dende xaneiro a setembro dende o 2023 un total de 29 reclamacións, sete relacionadas con avarías das cales 6 foron desestimadas derivado de avisos duplicados ou falla de subministro durante as reparacións. Outras 5 reclamacións foron por falla de presión, tres delas desestimadads por un problema das vivendas, outras 6 reclamación por facturación, catro relacionadas coa campaña de factura electrónica e unha reclamación por erro no índice de lectura e outra por unha fuga interior, que segundo recolle o regulamento municipal non son abonables polo que se desestima. Outras 3 reclamacións están catalogadas no epígrafe de outros, dúas desestimadas e unha. Dúas reclamacións por acometidas, e dúas reclamacións en retraso por reposición de firme.

**Rogo do BNG dicindo que foron varios conductores de camións en ruta e que pois por medo aos cacos, lle trasladqaron a posibilidade de que o Concello estudiase essa posibilidae de crear unha zona específica para aparcar os camións medianamente vixiada, as empresas dispostas a pagar. Estudiar a posibilidade de crear esa área de aparcamento.**

**Rogo do BNG é que o parque infantil da Compañía foi reformado, require un mantemento constante, este mantemento non se está ao parecer levando a cabo xa que a día de hoxe o parque presenta varios desperfectos importantes, falta o columpio nido, a tirolina fáltalle o asento, en definitiva que canto repoñan os elementos que faltan. Reparar o parque.**

**Pregunta do BNG no pasado mes de maio aprobouse aquí o ICIO para construción da industria farmaceútica nun pleno extraordinario, a pregunta é sen ánimo de ofender a ninguén, dende o Concello que se sabe desta implantación a día de hoxe.**

Resposta o Sr. Alcalde dicindo por facer un comentario sobre os rogos dicir qure a zona de estacionamento é fácil de prantexar pero logo é complexa, en sitios onde hai este tipo de estacionamentos, son dos propios transportistas. Aquí o que se comentou a través da Policía era que podían estacionar na zona do Cemiterio porque hai unha explanada grande na entrada é unha zona próxima á cidade, que de noite non  hai vehículos ou tamén no polígono. Fala de que tiñan un proxecto e por falla de crédito a Xunta non deu a subvención.

En relación cos desperfectos do parque da compañía, algúns deses elementos están para ser postos, a empresa que fixo esas obras, solicitou recentemente a devolución do aval, por parte do Concello se encargose un informe ao director da obra sobre a situación do parque, se a situación é mala vaise incautar a fianza.

En relación coa pregunta de KERN PHARMA a noticia que teñen é que sigue todo ben, houbo unha variación dos costes importantes, pola guerra de Ucrania, posiblemente a empresa que o faga sexa galega, estaban axustando detalles de precios, iso é o que pode dicir, xa sabe que se publicou algunha noticia por ahí, evidentemente, el se interesou, e o tranquilizaron nese sentido, a día de hoxe, total tranquilidade.

**Pregunta do Partido Popular, saben que no campo de fútbol da Pinguela houbo un incidente cunha persoa que estaba situada na zona dos toldos e desmaiose, como saben que este concello non descuida as súas instalacións, cando estarán arranxados os toldos no campo de fútbol da Pinguela?**

Resposta o Sr. Alcalde agradecendo a valoración que fai, xa sabe das cousas que din por aí, isto era unha cuestión de goberno e polo tanto non se fixo, lembra que cando se inauguraron os kilómetros da autovía a Sarria o Presidente da Deputación non foi invitado, e efectivamente lle dixo que tiña razón, que era un tema organizado e non sabía quenes estaban alí. Pero iso foi unha realidade, aquí ten vido o delegado da Xunta, e a el ninguén o avisou, o que era conselleiro que agora está en Madrid, nunca avisou ao Concello, hai que cantidade de cousas. En relación co tema dos toldos da Pinguela, iso fíxose ao revés tiñan que estar as gradas doutro lado, e parece que se pensa agora, na etapa do bipartito e cando chegaron a gobernar como ese problema puxeron eses toldos que non estaban, daquela foi unha empresa de Ourense Toldos Ourense que foi quén os puxo, agora non chegan nin 100.000 euros, pero tampouco hai quen os faga, é complexo non é tan sinxelo, agora mesmo non quén os faga, esa empresa xa non existe e de momento non se atopa que o faga rápido. Tan pronto se poda o miraran. De momento non teñen a solución.

**Pregunta do Partido Popular, sabendo que hai unha lista de espera importante para acceder á Escola Infantil, solicitouse a subvención para amplira as prazar ou para abrir un punto de infantil á Xunta?**

Resposta o Sr. Alcalde dicir que a competencia de 0 a 3 anos é das Comunidades Autónomas, polo tanto é a Xunta de Galicia polo tanto é a súa responsabilidade, o Concello de Monforte está facendo un esforzo de cubrir os gastos, a inmensa maioría dos gastos é do Concello. Polo tanto eles non van a facer a cubrir unah competencia que ten que facer a Xunta de Galicia, sobre todo por unha cuestión de dignidade, a Xunta non ten en Monforte ningunha escola de Galiña Azul, a ten en Chantada, a ten en Lugo porque non a ten en Monforte. Antes se comentaba o tema do CIM cando se imprantou o de atención temprana, en Burela o teñen, en Lugo o teñen, aquí teñen o espazo que o poñan. Un servizo que é claramente autonómico, drogodependencias, as responsabilidades dos contratos laborais son municipais, o CIM a responsabilidade dos traballadores é do Concello, se a túa competencia faino, pídelle información ao Concello, que che dea os terreos para facer unha Gardería, pero que a faga que é a súa competencia. Dende o ano 2006 o Pacto Local da Fegamp está sen cumprir. Fala de que xa dixo na FEMP que é urxente poñer ao día a Lei de Bases de Réxime Local, non é lóxico que en Málaga cobren 600 euros por habitante e aquí 120. Fai pouco trouxose unha iniciaifva de solicitar unha gardería, mandouse á Xunta o acordo do Pleno saben o que fixeron en vez de contestarlle ao Concello, contestaron a unha persoa que asinaba, e non lle parece unha falla de respecto, o acordo é de pleno. Non contestaron ao Concello, lle contetaron que se dirixiran ao concello para que pedirán unha subvención para a gardería.

**Rogo do Partido Popular solicitan que se resolva a falla de prazas da Gardería ou que se abra un punto de atención infantil.**

Remata a sesión ás once horas e trinta e oitos minutos do mesmo día, do que eu Secretario, dou fe.